



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 25 DE NOVEMBRO  
DE 2010.-**

**SRES. Asistentes**

**Sr. ALCALDE:**

D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.

**SRES. CONCELLEIROS:**

Dª María Victoria Montenegro Paz.

D. Francisco García Prego.

D. José Salvador Ferreiro Montenegro.

Dª Ana María Fernández Coira.

D. José Manuel Cendán Fernández.

D. Fernando Otero Prieto.

Dª Josefina Martínez Martínez.

Dª Mercedes Grande Regueiro.

D. Manuel Rodríguez Doval.

Dª Belén Abeal Pérez.

D. Luis Cendán Fernández.

D. Francisco Echevarría Lage.

**Sr. Secretario:**

D. Manuel Larrosa Rodríguez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e once minutos do día vintecinco de novembro de dous mil dez, previa convocatoria e citación ó efecto, reúñese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.

Aberta a sesión pola Alcaldía-Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNES CELEBRADAS POLO  
CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE XUÑO DE 2010 ( SESIÓN ORDINARIA E SESIÓN  
EXTRAORDINARIA E URXENTE).**

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que nos vamos a aprobar unha na outra sesión nos ausentarmos despois de que houbera bastante debate, non se nos quixera pagar a asistencia, queda claro que nos asistimos ó Pleno e cales foron os motivos polos que nos ausentamos, pola falta de documentación que había que poñer a disposicións dos Concelleiros.

Interven o Sr. Voceiro do B.N.G. Sr. Rodríguez Doval, manifestando que na Ordinaria do día 24, son correccións lingüísticas, e as veces unha "b" ou unha "v" deforman o sentido das palabras, na páxina núm. 21 hai unha intervención miña onde nos dous primeiros parágrafos se fala de votar, e en concreto "botaron" que é con v.



Sometida a votación a aprobación da acta da sesión ordinaria correspondente ó día 24 de xuño de 2010 coa corrección anteriormente referenciada o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte somete a votación a acta da Sesión Extraordinaria e Urxente correspondente ó día 24 de xuño de 2010, e o Pleno do do Concello por 9 votos a favor (5 PSdeG- PSOE, 2 BNG, 1 NAL e 1 Concelleiro non Adscrito Sr. Echevarria Lage) e 4 abstención do Grupo Municipal do P.P. acorda prestarlle a súa aprobación.

**Punto núm. 2.- COÑECEMENTO ORDENANZA FISCAL E CONTRATACIÓN LICITACIÓN PISCINA ARES-MUGARDOS.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dase conta que o expediente de Contratación así como a aprobación da Ordenanza que figura como Anexo a este acordo, corre por conta do Concello de Mugardos, por estar ubicada a instalación neste Concello.

O Concello Pleno dase por enterado.

**ANEXO:**

**ORDENANZA FISCAL N°. REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVICIO PÚBLICO DA PISCINA MUNICIPAL E XIMNASIO.**

**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2el41da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por prestación do servicio público municipal de piscina e ximnasio, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó disposto no artigo 38 do citado RD Lexislativo 2/2004.

**ARTIGO 2. FEITO IMPONIBLE.**

Constitúe o feito imponible da presente taxa a utilización das instalacións de Piscina Municipal e Ximnasio e prestación de servicios nás mesmas.

**ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.**



Son suxeitos pasivos desta taxa, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35 da Lei Xeral Tributaria e 23 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, usuarios dos servicios descritos no artigo anterior.

#### **ARTIGO 4. RESPONSABLES.**

Responderán solidariamente das obligas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria, así como os copartícipes ou cotitulares das Entidades recollidas no artigo 35 da Lei Xeral Tributaria, que responderán solidariamente en proporción ás súas respectivas participacións das obligas tributarias da Entidade.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades, e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

<b>Cotas de INSCRIPCION</b>	<b>IVE INCLUIDO.</b>
<b>MATRICULA ABONADO/A.</b>	<b>25,00</b>
<b>INSCRIPCIÓN ASISTENTE NON ABONADO/A.</b>	<b>20,00</b>
<b>EXCEDENCIA</b>	<b>15,00</b>
<b>COTAS PERSOAS ABONADAS</b>	
<b>Individual + 24</b>	<b>25,00</b>
<b>Individual de 18 a 24 anos.</b>	<b>16,00</b>
<b>Individual INFANTIL.</b>	<b>12,00</b>
<b>Familiar (con fillos/as a cargo).</b>	<b>32,00</b>
<b>ENTRADAS COMPLEXO DEPORTIVO.</b>	
<b>Piscina e Sala de Fitness: ADULTO/A</b>	<b>4,00</b>
<b>Piscina INFANTIL.</b>	<b>2,50</b>
<b>Suplemento zona SPA.</b>	<b>2,00</b>
<b>ABONADOS/AS      NON ABONADOS/AS</b>	
<b>PREZO MENSUAL.</b>	



**Infantil e xuvenil.**

<b>1día/ semana</b>	<b>8,00</b>	<b>16,00</b>
<b>2 días/semana.</b>	<b>16,00</b>	<b>32,00</b>

**Natación Escolar.**

<b>1 día /semana</b>	<b>8,00</b>	<b>16,00</b>
----------------------	-------------	--------------

**Persoas + 18 anos**

<b>1 día semana</b>	<b>8,00</b>	<b>16,00</b>
<b>2 días semana</b>	<b>16,00</b>	<b>32,00</b>
<b>3 días semana</b>	<b>24,00</b>	<b>48,00</b>

**Bebés**

<b>1 dia/semana</b>	<b>12,00</b>	<b>24,00</b>
---------------------	--------------	--------------

**Cursos intensivos verán (luns a venres)**

<b>Quincena</b>	<b>18,00</b>	<b>36,00</b>
-----------------	--------------	--------------

**ADESTRAMENTO PERSONAL (sesión 60 minutos).**

<b>Fitness o Piscina</b>	<b>15,00</b>	<b>40,00</b>
--------------------------	--------------	--------------

**OUTRAS ACTIVIDADES.**

**Outras Actividades de sala**

<b>Prezo mes por sesión/sem.</b>	<b>4,00</b>	<b>25,00</b>
<b>Ciclo Indoor</b>	<b>6,00</b>	<b>30,00</b>

**ALUGUER DE RUAS**

<b>Rúa/hora</b>	<b>15,00</b>
<b>Competicións ½ día.</b>	<b>200,00</b>

**NOTAS SOBRE OS PREZOS.**

1.- A matrícula para abonados/as é única, e se se fixa para o momento da inscrición. Se nalgún momento a persoa abona solicita a baixa, no intre que solicite a súa reincorporación deberán pagar de novo a matrícula. As persoas



familiares de abonados, ao sumarse á persoa titular non teñen que abonar matrícula. A matrícula para as actividades de piscina para os non abonados ten carácter de temporada (considérase de setembro a agosto),

2.- A persoa abonada ten dereito á utilización da piscina, sala de fitness e SPA durante todo o horario de funcionamento da instalación. O cobro realizarase mediante domiciliación bancaria con carácter mensual, semestral o anual.

3.- As persoas abonadas beneficiaranse dun prezo para as actividades acuáticas cun ^ 50% de reducción respecto ás persoas non abonadas. As categorías para a organización das actividades acuáticas distribuiranse conforme ás idades do seguinte xeito: Bebés: de

12 a 36 meses; Preescolar: 3 e 4 anos; Infantil: >4 anos e <= 16 anos, adulto/a: >16 anos ate 64 anos. Xubilado/a: >= 65 años. As actividades na piscina organízanse en clases de 45 minutos de duración, coa excepción dos cursos para bebés e preescolares que son de

30'. Todas as actividades acuáticas teñen carácter trimestral, aínda que o prezo se establece mensual, así como o cobro.

4.- Os adestramentos persoais son sesións de traballo de fitness e/ou piscina cun adestrador persoal.

5.- A natación escolar enténdese como grupos organizados que asisten á instalación baixo o control dunha persoa supervisora e o pagamento realiza de xeito conxunto desde o ente organizador (ANPA, Centro de ensino,...). A actividade desenvólvese de outubro a xuño.

6.- Gozarán de exención as persoas con ingresos iguais ou inferiores ao salario mmimo interprofesional ou aqueloutras que non cumprindo o requisito, estime o órgano competente que non acade os mínimos vitáis. Asimesmo, poderá o órgano competente

non eximir do pagamento das cotas a quen, cumprindo o requisito, non teña cargas



familiares ou teña ingresos adicionais tales como rendas de capital ou semellantes.

\*Os prezos revisaranse anualmente en función do 85% do índice de prezos ao consumo (IPC) do mes de decembro anterior.

\* Todos os prezos figuran con impostos incluidos.

#### **ARTIGO 6. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGOS.**

O período impositivo coincidirá, nos abonados á piscina municipal, co mes natural, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibles por dito período.

As tarifas que deban satisfacer os non abonados á piscina municipal devengaránse instantáneamente no momento de acceder ás instalacións.

O período impositivo, nos cursos impartidos na piscina municipal, coincidirá co período de desenvoívemento do curso, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irreducibles por dito período.

#### **ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.**

1.- Mensualmente, polos servicios encargados da xestión da Piscina Municipal, elaboraráse un padrón municipal de abonados para o cobro mensual das correspondentes cotas tributarias. O impago das mesmas ocasionará a imposibilidade de acceso á Piscina. Acumulados tres recibos pendentes de cobro, o abonado causará baixa no Padrón, debendo, no caso de nova solicitude de abonado á piscina, aboar a cota de entrada correspondente.

2.- Nas restantes instalacións e prestacións de servicios, exixirase o depósito previo do importe da taxa. As devolucións que procedan por falta de prestación do servicio por causas non imputables ó contribuínte, tramitaráse polo procedemento que rexe o reintegro de pagos indebidos. Prestado o servicio, a cantidade ingresada en concepto de depósito previo será aplicada ó importe definitivo da taxa, exixíndose, no seu caso, a maior contía que resulte.

A utilización das instalacións referidas nesta Ordenanza, solicitaránse por escrito dirixido ó Servicio Municipal de Deportes, eos datos do solicitante, así como da persoa, equipo, entidade, colexio ou asociación que vaia facer uso das instalacións. Na mesma sinalaráse ademáis a persoa responsable do uso destas e data e tempo da utilización do servicio de que se trate.



Presentada a instancia, resolveráse sobre a procedencia da utilización, que deberá ser motivada, no suposto que fora denegatoria.

3.- No caso de tratarse de actos ou actuacións extra deportivas por sociedades, partidos políticos ou outros espectáculos artísticos de índole non deportiva, serán resoltos pola Alcaldía, que en todo caso poderá recabar os informes correspondentes do Servicio Municipal de Deportes. Dita resolución sobre a procedencia ou improcedencia de concede-la autorización para usa-las instalacións, será notificada ós interesados e ós servicios encargados da súa execución.

4.- A concesión da bonificación sinalada no artigo 5 da presente Ordenanza deberá ser solicitada polo usuario con carácter previo á prestación do servicio e informada polo Servicio Municipal de Deportes. A falla desta solicitude ou a súa presentación extemporánea motivará a denegación da bonificación.

#### **ARTIGO 9.- INFRACCIÓNNS E SANCIÓNNS**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan, estaráse ó disposto ao respecto na Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza Fiscal Xeral.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o dia de 2010. Entrará en vigor logo da súa publicación íntegra no boletín oficial da provincia, o día de dous mil dez, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

#### **Punto 3º.- PLAN DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, POS 2011.-**

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que como xa se tratou en Comisión, tratabase dun proxecto de ampliación de servicios en Seselle, na zona do Alto da Pena, reservase tamén un porcentaxe para gasto corrente porque o permite a Deputación.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL, manifestado que con respecto ó procedemento seguido neste asunto, gustaríame máis que fora Comisión Informativa para que os voceiros poideramos dicir ou levar unha proposta, neste caso todas as obras son importantes, e no caso este concreto esto xa ben de anos atrás, incluso estaba contemplada nun programa, por certo debe de haber un proxecto xa no Concello, onde estaba incluída esta obra, eu creo que estaba no medio rural, aquela obra, que a Consellería había quitado no seu momento, polo tanto é unha obra importante polo que leva en sí estamos de acordo, pero non estou de acordo en canto as formas, preferiría que fora a unha Comisión de



Urbanismo, e que os voceiros poideran decidir. E polo que se refire á segunda parte no gasto corrente estamos plenamente de acordo porque a situación económica é a que é, creemos que a política que se esta levando desde o grupo de gobernó, e cada vez ampliar máis o gasto corrente, as políticas todas inciden no mesmo, e polo tanto adicar esta partida que suponemos que non vai a incidir de forma moi directa, e reaxustar un pouco o gasto corrente, pero dicir que estamos de acordo coa parte proporcional que vai destinada a sufragar o gasto corrente, dicir que nos estamos de acordó con todo tipo de obras, con esta concretamente que xa a propuxeramos no seu día, pero en canto as formas, xa sabemos que os proxectos levan un tempo, pero neste caso nas dependencias municipais ten que haber un proxecto que se non é igual ó que estaba entorno os prezos que xa existía, o noso voto vai a ser favorable, pero con esa salvedade.

Interven o voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval: Sobre algo que se dixo que é do método que levamos reiterando, xa en numerosas ocasións, o procedimento que aquí se veu utilizando tradicionalmente cando se convocababa a o Plan de Obras e Servicios por parte da Deputación, era que unha vez que se recibia a comunicación da Deputación Provincial na que nos fixaban a cantidad de que disponíamos para fazer as obras, se trasladaba á Comisión correspondiente, se lle daba prazo ós grupos para que formulasen unhas propostas, e no noventa e oito por cento dos casos ten habido sempre unanimidade, pero era importante ese proceso porque senón o que nos encontramos é unha situación como no caso concreto desta obra, foi efectivamente que a comunicación entra o 7 de outubro o día 19 ou 20 se nos da conta na Xunta de Voceiros, e obviamente non pasou pola Comisión correspondiente para que se poideran formulaun propostas, nin pasou para decirnos as obras que o grupo de goberno tiña xa pensado, non so pensado si non redactado a través dun proxecto concreto, a maiores de todo esto hai un problema que incluso afecta á convocatoria deste pleno, a lei dice que os expedientes dos asuntos que se van a debatir deben de estar a disposición de todo o mundo desde que se convoca o Pleno, e eu tiven acceso a un dos proxectos en concreto ó deste camiño pois hoxe as nove menos dez da maña, porque estiven aquí antonte máis onte e non había ese proxecto, si que estaba hai que dicilo todo o proxecto complementario da ampliación dese rede de auga pola zona de Loureiros, dixo o voceiro de NAL que si facemos un relatorio de cincuenta obras necesarias, pois todo o mundo vamos a coincidir nas que poñamos, seguramente vamos a coincidir no que poñemos, pero igual o que non coincidimos é na prioridade que lles damos, e hai é onde debe entrar a maior obxectividade sobre as necesidades, sobre o número de veciños a que afecta, etc. Etc.

O proxecto que se trae hoxe aquí a respecto da rede de saneamento nesa zona, como todas as zonas que non disponen de rede de saneamento son necesarios, pero indudablemente a nos parecenos que o proceso debería ser ó revés, estudialo con antelación en comisión e hai decidir a obra que se ía a incluir, nos entendemos que a obra que figura que se pon como complementaria debería ser neste caso unha obra titular, e dicir se nos tivesemos que definir pola importancia que teñen as dúas que se traen, nos definiríamos porque as dúas



son importantes e as dúas son urxentes neste caso, e entonces vamos a pronunciarnos a respecto dunha decisión na que nos non coincidimos, na que nos discrepanos profundamente, a Deputación no seu momento o ano pasado decideu a vista da situación de crise que tiñamos os Concellos, propiciar que parte do diñeiro que viña para o Plan de Obras e Servicios, pois se poidera destinar ó gasto corrente, para solventar unha situación que había, pero a filosía que perseguía era actuar nos Concellos sempre que se fixera unha política de austeridade pois poideran dispor de diñeiro para fazer frente a eses gastos, claro se nos vamos a esa figura e a estamos utilizando para fazer actuacións de carácter normal, o que facemos e prevertir o sentido que tiña esa decisión, e dicir o que non pode ser e que nos ó final quitemos diñeiro do Plan de Obras e Servicios, xa que o Plan de Obras e Servicios é un Plan para fazer servicios básicos os veciños e veciñas do Concello, e aquí o que estamos facendo e detraendo parte do diñeiro que temos setenta e pico mil euros para gastos correntes do Concello, que se están facendo, xa o temos criticado aquí, decisións que non son de carácter colectivo, que son más de carácter individual e coas cales nos discrepanos, non está aberta unha política de racionalidade, a hora de fazer o gasto público por parte do Concello, e polo tanto quitarlle os investimentos dos veciños, para fazer o gasto corrente, da forma que se esta facendo, naturalmente nos discrepanos. Rematando dicir que nos somos favorables a que se inclúan, porque ademáis hai posibilidades desde o puntos de vista económico con esos 142.099 Euros que dispoñemos, a que se inclúan esas duas obras, e con carácter de preferencia e non secundarizada unha delas, as dúas obras titulares, por decilo de algúns maneira, a obra esta no Camiño de Seselle, e tamén a ampliación na zona de Loureiros, a ampliación da rede de abastecemento de augas, porque ademáis vai a ser fundamental, para cando teñamos xa a rede que vai a vir de Cervás, ou cando se suba a rede de Ares, pois efectivamente esa zona poida ter o seu correspondente abastecemento, xa digo se non se acepta esa proposta nos vámonos a abster na votación da proposta que finalmente se trae.

Interven o Sr. Alcalde, manifestando que o reforzo da zona de Lubre e Loureiros esixe a instalación dunhos tanques depósito, para que efectivamente esa zona reciba o auga, todos sabemos a perda de kilos que esperimenta a traída cando entra en Ares, e máxime cando ter que subir os Castros, precisamente hacia un descompresor para que as casas baixas, de Ares loxicamente non sufran danos cando entra o suministro, pretender con esa presión que a agua suba ata Loureiros esixe un reforzo na parte de arriba, baise a instalar un bombeo na zona do Colexio, pero máis alá do Colexio, onde mellorará a presión e na Avda. da Paz, non vai a chegar, o actual bombeo que se vai a poñer, vai a permitir que a Avda. da Paz, non perda presión sobre todos os meses de verán, e no colexio os nenos teñan unha presión suficiente nos seus grifos e nas súas cisternas que sabemos que hai problemas de presión no colexio, pero pensar que ese bombeo vai a chegar a Loureiros evidentemente non é certo, Loureiros, e todo Lubre, ten que abastecerse en conexión co abastecemento de Cervás, desde os depósitos de auga que se van a poñer nos terreos que se compraron no Cemiterio de Cervás, o que implica que a prioridade non ven determinada porque uns veciños sexan máis importantes que outros, claro que as dúas obras son importantísimas, pero a segunda xa podemos podermos



poñer os tubos hoxe que non dan auga, en consecuencia primeramente faise unha obra que vai a entrar en uso nada máis se conclua que é a do Alto da Pena, e a Loureiros vai como proxecto complementario, que esperemos que no seu momento loxicamente se poida facer, sempre contando cun reforzo de auga desde arriba, porque o bombeo do colexio mellora o colexio e a Avda. da Paz nada máis, entonces está claro que o abastecemento de libre e desa zona, esta moi condicionada polos tanques polos depósitos, que efectivamente vanse a poñer en Cervás, e que efectivamente se van a poñer o ano que ben, esa é a razón, de que porque vai de segunda, porque de primeira e tontería mentres non estén efectivamente eses depósitos.

Interven o voceiro do P.P., Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que coincide co anteriormente dito polos voceiros que lle antecederon na palabra, dicir que tamen coincide co voceiro do BNG, que o POS o plan de Deputación precisamente é para obras e servicios, a situación creada en todo o Estado Español, é a que hai, a situación económica dos Concellos é bastante lamentable tamén, e un pouco hai que priorizar despois das necesidades que se teñen en cada momento, dicir que o procedemento non é o correcto, creo que xa se dico aquí bastante claro, cando ven o comunicado da Deputación deberíamos haber tratado esto nunha Comisión Informativa, nos non vamos a entrar hai, na forma de priorizar porque entendemos que o que gobernó prioriza as obras, pero algo temos que dicir os demáis, a toro pasado non é o mecanismo máis adecuado nin o máis democrático, pero nos si vamos a apoiar as obras porque tanto nos da priorizar unha como outra, o que ten o gobernó o pode facer e nos neso non vamos a dicir que unha obra toca de entrar este ano, e outra toca outro e non pasa nada, o que hai que mirar é a vontade de que se fagan as obras máis necesarias, e do resto non importa, dicir como dixen anteriormente do gasto corrente, que este ano e o que ven serán dous anos bastante puntuais pola crise económica e a falla de liquidez do Concello, e nos tamén vamos a dar un sí a esto pero sí deixalo claro e que quede constancia que o procedemento non é o correcto nin o adecuado, cando aquí estamos convocando as comisións ordinarias todos os meses, e se pode traer con bastante facilidade este tema, nos non vamos a poñerlle pedras no camiño a ninguen, pero o que si está claro que a intervención do voceiro do BNG e a correcta e que debía ser así o tema do Plan de Obras e Servicios é para facer obras e Servicios, tamén hai que ver a realidade e a situación económica e a que hai.

Interven o Voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Unicamente unha precisión porque ó mellor se me entendeu mal, eu dixen cando falei do tema da auga, que colla da tubería que veña de Libre ou que colla do que xa existe en Ares, non definin cal era ningunha das dúas, porque non sei, porque de feito, si mirades o proxecto, estou a miralo aquí, pois resulta que no proxecto tampouco non se define, no proxecto o único que se está dicindo, fixadevos vos como está redactado, cando se fala da tubería se dice "o obxecto deste proxecto consiste en amplia-la rede, no lugar de Santa Eulalía no Concello de Ares, se proxecta dar servizo os distintos nucleos de vivendas do lugar de Santa Eulalía mediante unha nova rede de abastecemento que discurrirá polos camiños de unión entre eles, e que conectará coas redes existentes nas proximidades" e despois no tema do reforzo do Colexio de da Rúa da Paz, eu



non sei pero esa obra tiña que estar feita, e desde logo os veciños de alí, se nos obrigou a poñer unhas válvulas de reducción pola presión que había, entón esa obra xa esta feita, creo que alí cambiou todo o mundo as válvulas de presión porque había unha presión o doble do que tiñamos.

Resposta o Sr. Alcalde, e di que a xente cambiou as válvulas de presión porque fixemos un bay-pass en Pedrós, de tal forma que sacamos un ramal de auga sen que suba ós Castros onde está o descompresor, en Pedrós fixemos unha bifurcación, eso mellorou a presión, da Avda. da Paz, e mellorou a presión do Colexio, pero para surtir a Lubre ademáis, de facer a outra dos tanques dos depósitos de auga, para que se abasteza por presión, se ten que poñer tamén unha estación de bombeo, Lubre esixe efectivamente eses reforzos, co by-pass recuperamos 3,2 kilos de presión, e eso mellorou o Colexio e mellorou a Avda. da Paz, que efectivamente ademáis se necesita un bombeo e ademáis os depósitos de auga de Cervás, so con eso todo Lubre terá auga sen problemas, da outra maneira é imposible porque efectivamente non nos da o caudal.

Sometido a proposta a votación o Pleno do Concello por 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 4 P.P. 1 NAL e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarría Lage) e 2 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda adoptar o seguinte acordó:

**1º.- Aprobar o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011**, cuxas bases se coñecen e acepta na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2011, e de acordo co financiamento que se indica:

**A) Realización de obras:**

Denominación da Obra	Estado + Deputación	Concello	Presupuesto Total.
Instalación de Infraestructuras en Camiño Pereiro, Ares	71.049,63	4262,98	75.312,61
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>71.049,63</b>	<b>4262,98</b>	<b>75.312,61</b>

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2011 e que se relacionan nesta táboa.

**B) Financiamento de gastos correntes:**

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	<b>71.049,63</b>
---	------------------

**C) Resumo:**

Denominación da Obra	Estado +	Concello	Presupuesto total
----------------------	----------	----------	-------------------



	<b>Deputación</b>		
<b>SUBTOTAL OBRAS</b>	<b>71.049,63</b>	<b>4.262,98</b>	<b>75.312,61</b>
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>71.049,63</b>		
<b>TOTAL</b>	<b>142.099,26</b>	<b>4.262,98</b>	<b>146.362,24</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2011 no que se incluen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

<b>Denominación da Obra</b>	<b>Presupuesto</b>
Ampliación da rede de abastecemento en Santa Eulalia.	<b>34.336,03</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>34.336,03</b>

3.- Declarar que o Concello é titular e ten dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e quen resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluir no orzamento municipal do 2011 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2011.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningúnha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións, para a súa execución achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorizase á Deputación a obter as certificacións da Axención Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas Tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ao Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do preente acordó e o correspondente expediente.

#### **Punto 4º.- ORDENANZAS 2011.-**

O Sr. Alcalde manifesta que nas Ordenanzas co obxecto de evitar o déficit, aplicasellos o I.P.C. e co que respecta o auga o acordo esta suscrito co Concello de Ferrol, nos non somos autónomos no abastecemento de auga, a abastece Ferrol, cunha condicións en consecuencia,



Ioxicamente temos que cumplir ese convenio suscrito con Ferrol, e polo tanto aprobar a taxa do I.P.C para que efectivamente o saldo non arroxe déficit ou sexa negativo.

Acto seguido dase conta do Informe do seño Secretario Xeral que seguidamente se transcribe:

### **“INFORME DE SECRETARÍA”**

#### **Asunto : Aplicación I.P.C. prezos públicos e taxas 2011 (IPC 2,3%)**

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (art. 25) establece en relación ás taxas, que en xeral o importe das mesmas pola prestación dun servicio ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do coste real ou previsible do servicio ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.

O Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais en cambio en relación cos prezos públicos (art. 44) establece que o importe dos mesmos deberá cubrir como mínimo o coste do servicio prestado ou da actividade realizada e cando existan razóns sociales, benéficas, culturais ou de interés público que así o aconsellen, o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestos casos deberán consignarse nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferencia resultante se ha hubere.

O Concello poderá esixi-los prezos públicos en réxime de autoliquidación (art. 45 R.D.L. 2/2004).

Nos termos previstos no artigo 8 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, as exencións, reduccións ou bonificacións son materia de reserva de Lei.

Dito precepto anterior está recollido constitucionalmente no artigo 133.3 da Constitución española e desenrolado a nivel de Lei ordinaria na Lei Xeral Presupostaria.

A nivel local , o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establecese que non podrán recoñecerse outros beneficios fiscais nos tributos locais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación de Tratados internacionais, ainda que non obstante, poderán recoñecerse os beneficios fiscais que as Entidades Locais establezan nas Ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos por Lei.

É de resaltar que coa regulación da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local efectuada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do



Goberno Local que modifica a anterior regulación que esixía quórum para a aprobación dos tributos propios, no senso de que agora non requiren quorúm da maioría absoluta legal dos membros da Corporación a “imposición e ordenación dos recursos propios de carácter tributario”.

En relación á actualización da auga, en virtude do contrato administrativo ten que recoller anualmente o IPC.

O funcionario que subscribe estima inadecuada a proposta de Aquagest, por canto toma como referencia o período set/2008 a set/2010, cunha variación do 1,10 %.

A este respecto significar que o Concello na sesión Plenaria do día 30/10/2008 acordou aplicar o IPC para o ano 2009, que logo resultou un IPC negativo; para o presente ano 2010 non se acordou aplicar IPC algúin e para o ano 2011, o INE prevé un IPC dun 2,3 % a 18/11/2010.

A este IPC habería que aplicar o incremento previsto no Convenio de revisión do sistema de pagamento e do prezo da subministración de auga potable ao Concello de Ares polo Concello de Ferrol de 10/01/2008, ou sexa o IPC interanual incrementado en 11 puntos básicos.

Asi mesmo Aquagest en base a estimacións efectúa unha simulación de facturación e retribución do servizo de augas para o ano 2011.

En relación á Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar por libre concurrencia a persoas valoradas como dependentes aconsellase ao efecto de acercar a tarifa ao custe do servizo, por esta Secretaría recomendase incrementar a tarifa actual de 6,02 € a 12,00 € Co IPC que ademais é o prezo xeralizado nos Concellos do entorno.

Finalmente son de destacar as seguintes reglas para a tramitación dos acordos modificación de taxas e precios públicos :

- 1.- A teor do previsto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo (T.R.L.R.F.L.) o acordo de ordenación e imposición, expoñeráse a información pública, polo prazo de trinta días, mediante anuncio exposto no taboleiro de anuncios da Corporación e, no Boletín Oficial da provincia, dentro dos cales os interesados poderán examina-lo expediente e presenta-las alegacións que estimen oportunas.



2.- O acordo de aprobación provisional, nos termos establecidos no artigo 17.3 do T.R.L.R.F.L., no suposto de non presentarse reclamacións, elevaráse a definitivo.

3.- Ó abeiro do artigo 17.4 do citado texto legal, o acordo provisional elevado automáticamente a definitivo, será publicado no Boletín Oficial da Provincia.

Tal é o meu informe, non obstante o Pleno da Corporación co seu superior criterio acordará o que estime conviente.”

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o voceiro de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que simplemente non quere reproducir as intervencións de anos anteriores con respecto a este tema, dicir que esta de acordo co I.P.C e sobre nos contratos que están asinados que son de obrigado cumprimento que hai que incorporar ó expediente polo tanto este debate non debe nin merece maior dilación no discurso, é de responsabilidade aplicar o I.P.C porque ademáis os convenios e os compromisos contraídos por parte do Concello así o requiren, polo tanto o seu voto vai a ser favorable.

Toma a palabra o voceiro do B.N.G., o Sr. Rodríguez Doval, manifestando que nos levamos, prácticamente desde o comenzó do funcionamento desta nova Corporación, e en concreto desde o mes de outubro de 2007, cando se debateu por primeira vez nesta corporación a actualización das ordenanzas para o ano 2008, fixemos constar desde o noso punto de vista a necesidade de que se producise un cambio non so desde o aspecto económico senón a adaptación das diversas ordenanzas á nosa realidade, neste momento hai unha batería porque son as que hai desde aquel momento, non se modificou a estructura prácticamente de ningunha delas, agás algunha puntualmente, hai unha estructura de ordenanzas, taxas e prezos públicos coas que nos discrepanos, en algún caso porque están desorbitados, non están adaptados á nosa realidade, noutros efectivamente porque existen as taxas e non se cobran, noutros porque son de cobro dubidoso, etc., etc., Eu quero recordar que daquela no 2007 e cando no 2008 prantexamos o mesmo debate, se nos respostou que efectivamente habería que dar ese debate pero sempre se estaba diando para o ano que ven, vamos a aprobar agora esto e temos todo o ano que ven para revisar todo o paquete de taxas e prezos públicos, ese debate non se produciu, ese debate non se levou a comisión ningunha, e a proposta que se nos trae hoxe aquí é máis do mesmo, pero máis do mesmo con algún cambio porque eu confeso que o que se nos adiantou, que a proposta na xunta de portavoces era a súbida do I.P.C., e nalgunhas outras taxas son más cousas; agora me explico, primeiro non entendo como o ano pasado se trouxo aquí unha proposta de conxelación en nome dunha situación de crise, e este ano eso xa se varía, e non sei si hai datos de que a crise via a menos, a miña impresión é de que esto vai a más, e polo tanto, habería que ser coerentes, porque si o ano pasado manifestamos de conxelabamos e non aumentábamos eso pola situación de crise, este ano habería que aplicar tanto menos a mesma vara, pero non se fai e como dixen hai un momento se incluen cuestións que non se refiren a aplicación do I.P.C., aquí hai un debate desde hai bastante tempo, co tema de AQUAGEST que sempre sale colateralmente, pero que nunca o abordamos a fondo, entonces algún día teremos que mirar como esta a situación, con



AQUAGEST, facer un relatorio do diñeiro que nos pide AQUAGEST, cotexar si eso é certo ou non, e poñer as cousas o día, porque esta Corporación, vai haber unhas eleccións o día 22 de maio do ano que ven, durante 4 anos falamos moito de revisar o acordo con AQUAGEST, pero aquí non se fixo, de que eu saíba oficialmente con decisión de este Pleno non se fixo absolutamente nada, o que se esta falando de aquí, e que non caso de AQUAGEST non é aumento do I.P.C son más cousas, entón claro a mí pareceme moi ben que se poña aquí, colatoremnte que se poña o I.P.C e en alguns casos vai más do I.P.C, me parece ben que se poña se tivemos o debate e se nos clarificou todo esto, con AQUAGEST se nos dice que hai que subir o IPC incrementado en once puntos básicos, eso habería que cotexalo en diñeiro, e o mesmo pasa coa taxa cando se fala pola prestación do servicio público de axuda no fogar, porque aquí o que se esta falando – por esta secretaría recomendase incrementar a tarifa actual de 6,02 euros a 12,00 euros- se esta falando dunha subida do 100%, non son palabras menores cando estamos falando dun sector da poboación, que se entende en principio que é un sector desfavorecido, que é dos que máis problemas ten, polo tanto primeiro problema non dimos un debate, seguimos cunha política continuista, esta corporación en catro anos non foi capaz de revisar a estructura, e o poñía como exemplo o outro día, costa más a taxa pola instalación dun lavabo nun baño, que o que costa o propio lavabo, e dicir esto é un absoluto despropósito, e estamos falando de obras que non de especulación urbanística, que son obras digamos de carácter de mantenimento, e despois noutro caso, efectivamente é dubidoso que o ano pasado non as apliquemos porque estamos en crise, e este ano as apliquemos e por riba nun caso concreto que é o tema do servicio de axuda no fogar, que vai dirixido a xente con circunstancias económicas desgraciadamente desfavorecidas, pois ainda encima lle fagamos esta suba, nos non vamos a apoiar a proposta que se trae, porque ralentiza e é continuista, e non sabemos a razón porque despois de catro anos de levar petando na porta para que este debate se de, este debate sigue sen darse, e seguimos cun sistema de ordenanzas caduco, desactualizado, inxusto, profundamente inxusto, e neste caso dedicar 70.000 euros como acabamos de dedicar no punto anterior ó gasto corriente, e subir a taxa de axuda no fogar a mí parece que en tempos de crise é unha actuación política bastante inxusta, por non denominala doutra maneira. Entón nos vamos a votar negativamente.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente: O tema de AQUAGEST o falamos aquí vinte veces, e efectivamente hai un contrato vixente, e ademáis xa se aprobou o canon da auga por parte da Xunta de Galicia, hai que ver como repercute o que aprobou a Xunta de Galicia, os efectos de revisar lóxicamente o que nos facemos coa auga, encontes claro que co tema de AQUAGEST hai que facer algo, efectivamente hai que facer algo pero e que eu non sei o que vou a facer, porque efectivamente agora temos o canon da auga, se vaise a aplicar unha subida que non sabemos o impacto que vai a ter, e faltan tres anos de contrato, vale a pena facer un rescate con tres anos de contrato, pois o mellor si que vale a pena, pero para que para efectivamente actualizar unhos prezos sin saber cal é o impacto do canon da auga, creo que nestes



momentos estar a xogar co prezo da auga é moi complicado, creo que se impón unha expectativa, que nos vamos a subir efectivamente o I.P.C máis o que marca o convenio co Concello de Ferrol, porque Ferrol o cobra, e que máis vamos a fazer, rescatar o contrato e darlle o beneficio industrial de tres anos a AQUAGEST nesta situación de crise que temos en toda España, vamos a un banco pedimos un préstamo e lle pagamos as obras que se lle deben que non son deste gobernó senón que veñen acumuladas, e o beneficio industrial, eu creo que o que se impón é esperar a ver como incide o canón da auga no recibo. En canto a axuda no fogar, é un debate que xa tivemos e o falamos, axuda a domicilio costa cerca de cento vinte pico mil euros, e nos dan arredor de trinta mil, e a dependencia estase disparando a trescentos e pico mil euros so nos dan cento sesenta e tres mil, e efectivamente este é o prezo que aconsella a Xunta de Galicia, tivemos unha inspección da Xunta de Galicia no servicio, e esta inspección aconsella, facer cousas, e o prezo que aconsella e de 12 euros, o cal non incide gracias a Deus en casi absolutamente ninguen, porque nunca se pagou o prezo real, vaise a unhas taxas e en función do ingreso da pensión, loxicamente se paga, entonces a xente que está efectivamente nesas rentas, o impacto da súbida non existe, porque sigue sendo o Concello o que loxicamente paga, porque cunha renta non sube máis, tes un máximo, a xente está pagando, por axuda a domicilio, por duas, tres e catro horas á semana, estamos falando de axuda a domicilio non de dependencia, estamos falando prácticamente dunha asistencia doméstica que todos sabemos que vai a extinguir a favor da dependencia, todos sabemos que a eso so poden ter dereito os dependentes, e os que non son dependentes teñen que buscar ese servicio no mercado, frente unha axuda a domicilio a un non dependente está claro que hai que priorizar a dependencia, porque a dependencia ainda non alcanzou as súas cotas, e se vai a comer todos estes recursos, por duas , tres ou catro horas diarias para que te axuden a fregar e te limpen a casa pagar, 24 euros o mes, pagar 30 euros ó mes, pois eso son os prezos que hai, sabedes canto se ingresa para o custo total de axuda a domicilio, 6.000 euros ó ano, e hai que pagar 127.000 euros, xa me diras que contas dan, o único que facemos e aplicar o prezo de referencia da Xunta de Galicia 12 euros hora, pero loxicamente seguimos aplicando os baremos que aquí se aprobaron, e quen ten un tope de pensión non vai a pagar máis, agora evidentemente esta claro que a situación se prioriza a favor da dependencia, porque a axuda a domicilio para non dependentes era un servicio que estaba moi ben, pero agora está nunha competencia moi dura cos dependentes, pois non hai recursos para todos e se prioriza os dependentes, aquí estamos falando de axuda a domicilio, en consecuencia efectivamente ese é o prezo que están en todos os concellos, e se decide seguir esa situación polas razóns que xa explicamos, non dan as contas para axuda a domicilio e non dan para dependencia, dependencia nos vale 360.000 euros e a Xunta nos da 163.000 euros, e a situación é insostenible.

Interven o voceiro do Grupo Popular, Sr. Manuel Cendán: Nos o que temos claro e que non vamos a exercer a irresponsabilidade, como se veu exercendo en varias ocasións neste Concello, pero o que sí esta claro que nos aprobamos unha Moción creo que foi por maioría, de non subída as taxas e nos vamos a seguir con ese criterio, quere dicir que vamos a votar o



I.P.C. a todas as taxas e as taxas que teñen subida as vamos a votar negativamente, si se separan ben, e se non se separan faremos como o BNG, nos queremos ter responsabilidade sobre este tema, pero cos feitos como dixen anteriormente vamos a votar o I.P.C. as ordenanzas, e as Ordenanzas que veñen con subida nos vamos a votar en contra por coherencia do que habíamos aprobado, creo que o exemplo anterior que nos aprobamos de que vaia unha partida a gasto corrente, é precisamente por todas estas cousas que se veñen, acontecendo na administración, por exemplo despois cando vaimos a debatir a Moción do Bloque que tamén está no mantemento do tema de educación, outros edificios que demandan outras administracións, pois hai que priorizar o que son os servicios sociais, todo o que sexa de dependencia de educación, servicios sociais e cultura, hai que priorizarlas ante outras partidas de obras ou servicios, festexos que se poden pasar sen facer, e priorizar nestes tres temas que son os importantes, nos como xa dixemos vamos a propoñer eso, a subida do I.P.C a todas as taxas e as que teñen subida as vamos a votar negativamente.

Interven o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: Imos a ver, eu fixen a miña intervención ó fio da proposta que se trae, non estou facendo unha intervención específica sobre o tema de axuda a domicilio, simplemente dixen unha cousa, o punto da Orde do Día dice aumento do I.P.C en todalas taxas e dentro da proposta veñen duas cousas, que é a do auga, e o da taxa do servicio de axuda a domicilio non é aumento do I.P.C., que quero decir, que a mí me parece moi ben que todos pensemos, que os servicios temos que intentar que os custos, e dicir que co que ingresamos nunca se vai a conseguir, que se achegue algo ó que temos que gastar, efectivamente o servicio hai que pagalo, e non estou discutindo aquí se a taxa que tiñamos era elevada ou moi baixa, simplemente estou dicindo que nos de repente nunha cousa que cobrábamos 6 euros pasamos a cobrar 12 euros, hai unha cousa que se chama tamén a progresividade, non é o mesmo subir de 6 a 12 que subir durante 3 anos de 6 a 8, de 8 a 10 e de 10 a 12.

O Sr. Alcalde di que foi a recomendación da Xunta.

O Sr. Rodríguez Doval, ollo coas recomendacións da Xunta, a míngustaríame que a Xunta se fixera cargo da dependencia, e que o servicio de Axuda a domicilio desapareza, porque a dependencia se debe facer cargo de todo eso, e non soamente non se fai cargo, senón que nos agranda a nos as cargas, como se esta dicindo, pero eu creo que eso é outro debate, eu simplemente o que estou dicindo e que, o ano pasado diciamos que non subíamos nin o I.P.C porque a situación esta mal, e este ano parece que a situación esta mellor e ademáis facemos cousas que son contradictorias, en todo caso eu creo que hai que dar un debate específico sobre a taxa de axuda a domicilio e resolver eso, porque claro eu estou vendo as facturas millonarias que nos pasa a empresa que está facendo a axuda a domicilio, e despois se nos informa do diñeiro que nos están ingresando e esto vai a facer crak, eu creo que algo teremos que dicir tamen, porque o que non quero é administrar o desastre, o desastre que o administre quen é responsable do desastre, e neste caso me parece que é a Xunta de



Galicia, que é a que non esta cumplindo cos Concellos, pero si nos tamén vamos tirando para diante chega un momento que estamos prisioneros dessa situación, e o tema nos vai a reventar a nos que é o único que estou dicindo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde: Pername a interrupción, o tema é, ou optimizamos a axuda a domicilio ou a suprimimos porque non podemos pagala, entonces se sube de 6 a 12 euros, para intentar mantela, porque senón subimos a 12 euros, a lista de espera, esta pechada, non podemos recoñecer máis, porque o que non podemos é recoñecer horas de axuda a domicilio a 6 euros, e pagarlle á empresa a 12 euros, é imposible, temos que partir de 12 do que nos cobran a nos, pero logo hai baremos que corrixen o impacto nos usuarios, ou aplicamos este criterio, ou se acabou axuda a domicilio, non se lle pode recoñecer axuda a domicilio a ninguen máis, porque o burato cada día é máis grande, entonces como primeiro paso poñemos 12 euros, esa é a situación, temos un burato en axuda a domicilio e outro en dependencia, entonces eu prefiro intentar optimizar a taxa, que dicir que non se lle pode recoñecer a ninguen máis, eu non podo recoñecerlle a vostede unhas horas a 6 euros, cando a empresa me cobra a 12 euros, esa e razón, como ves no punto número 4 van ordenanzas, entonces o tema da auga va o convenio de Ferrol máis o I.P.C, no resto vai o I.P.C, menos en axuda a domicilio, porque metimos en axuda a domicilio, porque o explicamos en Comisión, en comisión explicamos que reventa o sistema, porque o burato en axuda a domicilio cada á maior, entonces explicamos as razóns con números, esa é razón pola que subimos a 12 euros, xa explicamos os voceiros a situación de desfase, e dicir gastas 360.000 euros e a Xunta te da 163.000 euros, en atención a eso que xa fixemos saber e xa o falamos, e ainda así seguimos sendo deficitarios, pero polo menos non cobramos menos que o que cobran os máis, todo o mundo parte de 12 euros, esa é a razón.

Toma a palabra o Voceiro do Partido Popular Sr. Manuel Cendán: Eu sigo insistindo que son duas taxas as que levan subida e eu quero diferenciar, nos vamos votar a favor de subir as taxas o I.P.C., e estas duas que teñen subida deixalas como están, senón separar a votación destas dúas, e o que quera aprobaras que as aprobe, nos non queremos aprobar ningunha subida, aprobamos unha moción por unanimidade neste Pleno e creo que eso foi o acordado.

Interven o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Alcalde eu quería intervir, porque teño moitas dubidas, en canto á taxa esta non foi a Comisión Informativa, estudiamos un informe económico, eu aquí estou leendo por riba, que non a había leído, pensando que esto fora a Comisión, porque esto en Comisión de Servicios Sociais o falamos.

Interven o SR. Alcalde: Falamos de poñer taxa porque aquí era gratis, e decidimos todos os voceiros e están as actas hai, como nunca se pagou empezamos por 6 euros, e todos eramos conscientes de que ese era un primeiro paso para trasladarlle á ciudadanía que había que pagar, e que habría que ir subiendo progresivamente, esto se debateu en Xunta de portavoces e están hai as actas, e como nunca se había pagado nada, empezar por 12 euros nos pareceu moi forte, e decidimos todos empezar por 6, para logo chegar a 12, e este se



debateu cando puxemos os 6 euros, todos decidimos empezar polo máis pequeno porque ata agora era gratis, e agora vamos a por os 12, que non nos atrevimos a poñer porque antes era gratis, e eso foi o que se falou, e eu entendin que ese criterio era o que se ía a aplicar, a tendencia é o primeiro ano ir a 6, para logo chegar o prezo que nos recomendaba a Xunta, tanto da bipartita como da actual Xunta, 12 euros e a recomendación da actual Consellería de Traballo, e 12 euros era a recomendación da Vicepresidencia de Igualdade.

Toma a palabra a Concelleira do BNG Sra. Abeal Pérez: Vamos a ver eu en primeiro lugar, si que se falou que se comenzaba pola más baixa cando se fixo a ordenanza primeira, pero desde logo non hai ningunha acta na que se diga que se vai a subir a 12 euros, a Comisión non se levou esta suba de 12 euros, que si se falou que había problemas económicos, si se falou moitas veces, pero nunca se levou a ningunha comisión a suba de 6 a 12 euros, a comisión a tivemos hai pouco e non se pasou pola comisión.

Toma a palabra o voceiro do P.P Sr. Manuel Cendán: Haber se nos centramos neste tema, os feitos foron os seguintes durante anos había unha taxa para o servicio de axuda a domicilio, que non se aplicaba, entonces obrigaron a quitala, a quitamos porque o haber unha taxa e como non se cobraba a quitamos, entonces que pasou se levou á Comisión de servicios sociais, porque estamos obrigados a cobrar a taxa, partimos dunha taxa económica que non gravara moito as familias é a xente maior, porque nos cando quixemos aplicar viña a xente a queixarse que lle fastidiabas 50 ou 60 euros, a situación era a que era, a maioría das pensións que hai aquí por desgracia son mínimas, e aplicar unha taxa lles levabas casi a mitade do que cobraban, e empezamos pero non se debateu nada se a cantidad que se aprobaba era recadatoria, senón que a puxemos a funcionar porque estábamos obrigados a cobrar, senón non temos axudas da Xunta nin axudas da Deputación, o Concello ten que priorizar no tema de servicios sociais, e deixar de gastar en outras partidas, e eso é o que temos que fazer nun momento de crise, nos utilizamos a responsabilidade, sabemos que o momento das administración locais son malos, malos momentos económicos e hai que meter en gasto corrente, o POS e para facer obras e servizo, bueno pero estamos pasando un mal momento pois este ano e o que ven, vamos a unha partida como si houbera que metela casi toda, o gasto corrente porque a situación é bastante lamentable, e esto igual agora temos que priorizar, sabemos que temos hai, hai un burato económico hai sabemos que temos que priorizar partidas.

Inter o Sr. Alcalde-Presidente: Perdona que te interrumpe a ti pareceche normal que teña que priorizar e deixar de darrle servicios á xente para que un non dependente lle vaian a facer cama e fregar os pratos.

O Sr. Manuel Cendán di: Que subir agora no momento en que estamos, cando aprobamos por unanimidade hai dous ou tres meses unha Moción de que non si ían a subir as taxas, e agora se suben duas taxas.



O Sr. Alcalde di que se sube unha taxa, a outra taxa hai un convenio con Ferrol e hai que pagarlle o auga o prezo que eles a cobran, e se aprobou e asinou ese convenio, que establece unha subida progresiva, que xa bastante fixo Ferrol, con aprobarmos a súbida progresiva para chegar efectivamente ó prezo real, que nin si quera agora estamos pagando o prezo real, e eso é de obrigado cumprimento como o di Sr. Luis Cendán, pois hai un convenio asinado, entonces a única taxa que se sube é a de Axuda a Domicilio porque sodes conscientes que se explicou do burato tan importante, que é de non dependentes, porque os dependentes van a dependencia, entonces ese é o problema, e como se solventa, nos decidimos cobrar o decidimos todos e decidimos facelo ó prezo recomendado, pero nos parecía moito e empezamos pola metade, eso é o que falamos e atención a ese criterio vimos agora a proponer o prezo remendado, o que hai en Ferrol o que hai en Fene, o que hai en Narón o que hai en Santiago, o que hai en toda Galicia, porque o recomendou o anterior goberno e o sigue recomendando este, 12 euros hora, esa é a realidade.

O Sr. Manuel Cendán di que nos vamos a manter a mesma postura, se se vota por separado estamos de acordo no I.P.C e non na subida esta.

Rematado o debate sometese a votación a aprobación de aplicación do I.P.C- Actualización nas Ordenanzas Municipais que figuran como anexo ó presente acordo e o Pleno do Concello por 7 votos a favor 5 PSdeG-PSOE 1 NAL E 1 e 6 votos en contra (4 P.P e 2 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación, sometendo o presente acordo a información pública polo período de 30 días mediante publicación de anuncio no B.O.P a efecto de alegacíons, entendendose definitivamente aprobada en caso de non presentación das mesmas.

#### **ANEXO:**

#### **IMPUESTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS**

#### **Ordenanza fiscal do Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras.**

#### **ANEXO**

##### **1.-Obra menor:**

- 1.1. Demolición de muros: 18,23 euros/m<sup>2</sup>.
- 1.2. Demolición de tabiques: 4,85 euros/m<sup>2</sup>.
- 1.3. Levantado de solainas: 5,30 euros/m<sup>2</sup>.
- 1.4. Picado de azulexados e revestimentos: 6,36 euros/m<sup>2</sup>.
- 1.5. Demolición de forxados: 11,85 euros/m<sup>2</sup>.



1.6. Demolición completa 11,72 euros/m<sup>2</sup>.

**2.-Movemento de terras:**

2.1. Escavación de gabias: 9,50 euros/m<sup>3</sup>.

2.2. Escavación de vaciado: 2,61 euros/m<sup>3</sup>

2.3. Recheo de gabias: 13,60 euros/m<sup>3</sup>.

2.4. Recheo de ceo aberto: 7,86 euros/m<sup>3</sup>.

2.5. Carga e transporte de terras a vertedero: 5,33 euros/m<sup>3</sup>.

2.6. Tubos de canalización: 4,45 euros/m.

2.7. Canalización acometidas (telefonía e electricidade): 106,43 €/ml.

**3.-Peches:**

3.1. Peche de estacas e arame: 4,45 euros/m.

3.2. Peche de tea: 23,66 euros/m.

3.3. Peche de zócalo fábrica e tea: 37,12 euros/m.

3.4. Peche de fábrica h. 1 m: 28,77 euros/m.

3.5. Peche de zócalo fábrica e celosía: 55,07 euros/m.

3.6. Peche de cachotería e celosía: 88,91 euros/m.

3.7. Peche de cachotería e reixa: 42,35 euros/m.

3.8. Colocación de columna para contador da luz: 237,03 euros/ud.

3.9. Muro de contención en formigón armado de ata 1,50 m de altura e 0,30 m de espesor: 218,77 €/ m<sup>2</sup>.

3.10. Basamento cego de pedra, mampostería: Cachote: 107,45 €/ml.

3.11 Basamento cego de pedra, mampostería: Taco de Santiago: 157,45 €/ml.

3.12 Basamento cego de pedra, mampostería: Perpiñao: 111,42 €/ml.

**4.-Cuberta:**

4.1. Demolición de cuberta de fibrocemento: 2,54 euros/m<sup>2</sup>.



4.2. Demolición de cuberta de tella: 4,45 euros/m<sup>2</sup>.

4.3. Cuberta de fibrocemento: 16,11 euros/m<sup>2</sup>.

4.4. Cuberta de tella: 38,07 euros/m<sup>2</sup>.

4.5. Cuberta de lousa: 55,07 euros/m<sup>2</sup>.

4.6. Substitución de tella por fibrocemento: 21,18 euros/m<sup>2</sup>.

4.7. Substitución de tella por tella: 33,89 euros/m<sup>2</sup>.

4.8. Substitución de tella por fibrocemento e tella: 46,60 euros/m<sup>2</sup>.

4.9 Substitución de viguetas formigón: 17,74 € m<sup>2</sup>

**5.-Albanería:**

5.1. Formigón en masa: 9,90 euros/m<sup>3</sup>.

5.2. Estructura completa de formigón armado: 73,58 euros/m<sup>2</sup>.

5.3. Estructura completa de aceiro: 77,04 euros/m<sup>2</sup>.

5.4. Estructura naves de formigón armado: 44,04 euros/m<sup>2</sup>.

5.5. Estructura naves metálicas: 52,51 euros/m<sup>2</sup>

5.6. Soleira: 18,61 euros/m<sup>2</sup>.

5.7. Forxado: 59,27 euros/m<sup>2</sup>.

5.8. Muro de contención de formigón armado: 63,54 euros/m<sup>2</sup>.

5.9. Muro de cachotería: 126,99 euros/m<sup>2</sup>.

5.10. Muro de bloque: 29,62 euros/m<sup>2</sup>.

5.11. Muro de ladrillo (taboquería): 15,27 euros/m<sup>2</sup>.

5.12. Cerramento de dobre folla de ladrillo: 43,98 euros/m<sup>2</sup>.

5.13. Celosía, balastrada: 32,12 euros/m<sup>2</sup>.

5.14. Azulexado: 20,68 euros/m<sup>2</sup>.

5.15. Solaina: 30,49 euros/m<sup>2</sup>.

5.16. Enfoscado: 11,01 euros/m<sup>2</sup>.



- 5.17. Recebado e pintado de paramento exterior: 18,40 €/ m<sup>2</sup>.
- 5.18 Recebado con morteiro monocapa: 20,57 €/ m<sup>2</sup>.
- 5.19. Chapado de fachadas con material pétreo: 96,87 €/ m<sup>2</sup>.
- 5.20. Rexuntado con morteiro en fábricas de mampostería: 24,68 €/ m<sup>2</sup>.
- 5.21. Limpeza de fachadas con area ou auga a presión: 17,19 €/ m<sup>2</sup>.
- 5.22. Colocación de verteaugas de pedra: 152,86 €/ml.
- 5.23. Colocación de xambas ou dinteiros de pedra: 73,29 €/ m<sup>2</sup>.
- 5.24. Arqueta de rexistro: 144,59 €/unidad

**6.-Pinturas:**

- 6.1. Pintura interior: 5,03 euros/m<sup>2</sup>.
- 6.2. Pintura exterior: 8,06 euros/m<sup>2</sup>.

**7.-Galpóns:**

- 7.1. Galpón de bloque ou ladrillo: 173,55 euros/m<sup>2</sup>.
- 7.2. Galpón de madeira: 88,91 euros/m<sup>2</sup>.

**8.-Carpintería:**

- 8.1. Porta de entrada: 296,37 euros/m<sup>2</sup>.
- 8.2. Porta interior: 131,14 euros/ud.
- 8.3. Fiestra: 179,77 euros/m<sup>2</sup>.
- 8.4. Fiestra en plano de tellado: 186,35 euros/m<sup>2</sup>.
- 8.5. Peche de balcóns e terrazas con galería: 169,36 euros/m<sup>2</sup>.
- 8.6. Reixa de seguridade e portas e fiestras: 55,07 euros/m<sup>2</sup>.
- 8.7. Frente de portal: 143,99 euros m<sup>2</sup>.
- 8.8. Baixantes e canalón para recollida de augas: 31,59 €/ml.
- 8.9. Apertura de ocos de fachadas para aloxamento de carpintería: 84,53 €/m<sup>2</sup>.
- 8.10. Varanda de madeira: 112,30 €/ ml.



8.11. Varanda de escaleira/balcón metálico: 189,27 €/ ml

8.12. Pavimento de madeira: 57,86 €/ m<sup>2</sup>.

8.13. Tabique totalmente acabado a dúas caras para interior: 45,30 €/ml

8.14. Falso teiro de escaiola: 13,00 €/ m<sup>2</sup>.

8.15. Persianas de PVC: 72,58 €/ m<sup>2</sup>.

8.16. Toldo de tea con brazos abatibles: 622,08 €/ m<sup>2</sup>.

**9.-Instalación de fontanería e saneamento:**

9.1. Instalacións en aseo (sen aparatos sanit.): 186,35 euros/ud.

9.2. Instalacións en baños (sen aparatos sanit.): 245,63 euros/ud.

9.3. Instalación de cociña: 211,66 euros/ud.

9.4. Lavado incluso billame: 211,66 euros/ud.

9.5. Inodoro: 228,63 euros/ud.

9.6. Bidé incluso billame: 173,05 euros/ud.

9.7. Bañera incluso billame: 203,20 euros/ud.

9.8. Reforma de Baño Completa: 411,27 €/ m<sup>2</sup>.

9.9. Reformad Cociña Completa: 215,72 €/ m<sup>2</sup>.

**10.-Instalación de electricidade:**

10.1. Instalación de electricidade: 1.524,22 euros/ud.

**11.-Instalación de calefacción:**

11.1. Instalación. Mínimo ata 100 m<sup>2</sup>: 4.657,33/ud. 16,98 euros/m<sup>2</sup>.

**12.-Pozos:**

12.1. Pozo de barrena: 1.608,87 euros/ud.

12.2. Pozo artesano: 2.116,93 euros/ud.

**13.-Depuración:**

13.1. Fosa séptica e pozo filtrante: 1.524,22 euros/ud.



**14.-Piscinas:**

14.1. Piscina completa. Mínimo: 12.701,74 euros/ud.

**15.-Pistas:**

15.1. Pista deportiva: 84,57 euros/m<sup>2</sup>.

15.2. Beirarrúa: 22,02 euros/m<sup>2</sup>.

**16.-Guindastre:**

16.1. Guindastre Automontante: 367,29 €/ud.

16.2. Guindastre tipo torre: 734,58 €/ud

**17.-Colocación de andamios:**

17.1. Colocación de andamios: 36,73 euros/ud.

**18.- Varios, Urbanización Xardinería:**

18.1. Reforma de vivenda completa: 655,38 €/ m<sup>2</sup>.

18.2. Roza e limpeza de terreos;

Medios manuais: 6,40 €/ m<sup>2</sup>.

Medios mecánicos: 0,49 €/ m<sup>2</sup>.

18.3. Corta de descoutado de árbores (porte medio) 52,79 €/ud.

18.4. Formación de beirarrúas con baldosa hidráulica e bordo: 31,74 €/ m<sup>2</sup>.

**18.5. Impermeabilización:**

- Lámina PVC: 15,09 €/ m<sup>2</sup>.

- Lámina bituminosa: 9,27 €/ m<sup>2</sup>.

- Emulsión bituminosa: 5,39 €/ m<sup>2</sup>.

NOTA: no suposto de construccíons, instalacíons ou obras non encadradas nas partidas anteriores aplicaráselles o prezo medio que máis se aproxime aos supostos tipificados.

**2.-Obra maior.**

Relación de prezos medios de execución material (m<sup>2</sup> construído).



Uso de vivenda en edificio de vivendas plurifamiliares: 477,56 euros/m<sup>2</sup>.

Otros usos en edificio de vivendas plurifamiliares:

(Espacios baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 189,88 euros/m<sup>2</sup>.

Usos de vivenda unifamiliar: 569,41 euros/m<sup>2</sup>.

Outros usos en edificio de vivenda unifamiliar:

(Espacios baleiros, sotos, semisotos e garaxes): 184,36 euros/m<sup>2</sup>.

Edificios con uso exclusivo industrial.

Sen proceso productivo: 237,29 euros/m<sup>2</sup>.

Edificio con uso exclusivo terciario: 426,88 euros/m<sup>2</sup>.

Acondicionamento ou reforma de locais comerciais: 414,62 euros/m<sup>2</sup>.

#### **TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECIMENTOS**

##### **Artigo 5º .-Cuota tributaria.**

1. La cuota tributaria consistirá en una cantidad fija, por unidad de local, que se determinará en función de la actividad a desarrollar por el mismo.

2. A tal efecto, se aplicará la siguiente Tarifa:

Por visita de Inspección por partes dos Técnicos Municipais:

- Primeira visita de inspección: 102,30 €
- Segunda e posteriores: 51,15 € / visita

Epígrafe 1º : Aloxamentos

A) Hoteles, moteles, hoteles-apartamentos de cinco y cuatro estrellas: 3.672,83 euros

B) Hoteles, moteles, hoteles-apartamentos y hostales de tres y dos estrellas: 3.060,69 euros

C) Hoteles, moteles, hoteles-apartamentos y hostales de una estrella: 2.203,70 euros

D) Pensiones y casas de huéspedes, centros hospitalarios, colegios y demás centros de naturaleza análoga: 1.836,41 euros

Se entiende por alojamiento, aquellos locales de convivencia colectiva no familiar, entre los que se incluyen hoteles, pensiones, residencias, centros hospitalarios, colegios y demás centros de naturaleza análoga, siempre que excedan de diez plazas.



**Epígrafe 2º : Establecimiento de alimentación**

- A) Supermercados, economatos y cooperativas: 1.836,41 euros
- B) Almacenes al por mayor de frutas, verduras y hortalizas: 1.713,99 euros
- C) Pescaderías, carnicerías y similares: 550,93 euros

**Epígrafe 3º : Establecimientos de restauración.**

- A) Restaurantes: 1.101,84 euros
- B) Cafeterías: 856,98 euros
- C) Whisquerías y pubs: 1.101,84 euros
- D) Bares: 734,57 euros
- E) Tabernas: 612,14 euros

**Epígrafe 4º: Establecimientos de espectáculos**

- A) Cines y teatros: 2.203,70 euros
- B) Salas de fiestas y discotecas: 4.407,41 euros
- C) Salas de bingo: 3.060,69 euros

**Epígrafe 5º: Otros locales industriales y mercantiles**

- A) Centros Oficiales: 550,93 euros
- B) Oficinas Bancarias: 3.672,83 euros
- C) Grandes Almacenes: 5.876,53 euros
- D) Comercio artículos regalo y similares: 550,93 euros
- E) Demás locales no expresamente tarifados: 612,14 euros

**Epígrafes 6º: Despachos profesionales**

- A) Por cada despacho: 1.224,28 euros

En el supuesto de que la oficina o establecimiento se halle ubicado en la misma vivienda, sin separación, se aplicará únicamente la tarifa precedente.

**Epígrafe 7º: Garajes**



A) Individuales: 36,79 euros/vehículo

B) Colectivo: 122,42 euros/vehículo

**Epígrafe 8º: Transmisiones:** 79,33 euros

**Artículo 6º.-Exenciones y bonificaciones.**

No se concederá exención ni bonificación alguna en la exacción de la Tasa.

#### **ORDENANZA REGULADORA DA LICENCIA DE VAOS**

**Artigo 16º .**

1.-As infracciós leves serán sancionadas con multas de ata 37,89 euros, as graves con multa de ata 113,67 euros e as moi graves con multa de ata 189,44 euros.

#### **ORDENANZA FISCAL, REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.**

**Artigo 5.-Retribución.**

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será fixada nas tarifas dos apartados seguintes:

- Tarifa primeira:

Por cada entrada ó ano: euros.

- Almacéns polo xunto e fábrica: 159,12.

- Empresas de transportes de viaxeiros e mercadorías: 257,66.

- Establecementos de exposición e venda de vehículos automóbiles: 65,91.

- Garaxes industriais ano: euros.

- Por cada vehículo que, de conformidade coa licencia obtida se poida aparcar:

9,49 euros, cun mínimo de: 49,26

- Garaxes particulares, ano:

- Por máis de 4 vehículos a motor: 60,61

- Por 4 ou 3 vehículos a motor: 22,74

- Por dous ou menos: 11,36



- Talleres:

Mecánicos e de servicio de reparación, pintura, lavados ou similares: 78,81.

Para aplicación da tarifa precedente, teranse en conta as seguintes normas:

1.-As entradas para garaxes particulares limitaranse nos casos de rúas con edificación en línea mixto e bloque de casas pechada a aquellas edificacións que se sitúen dentro de ordenación en canto a volume, segundo as determinacións do planeamento vixente.

Non obstante, poderanse autorizar entradas coas limitacións de reserva de horario que prevé a tarifa segunda desta ordenanza, sendo a contía do prezo público mínimo neste caso de 11,36 euros

2.- Terá a consideración de modificación de rasante da beirarrúa todo o que supoña alteración da liña de rasante, ben sexa na totalidade do plano superior ou da aresta exterior da beirarrúa, comprende para tal efecto, depresións, desniveis, rebaixes de altura, substitucións de liñas horizontais por oblicuas e, en definitiva, toda modificación de aspecto exterior de beirarrúa.

3.-O prezo público aplicarase tanto á modificación de rasante das beirarrúas construídas por particulares, toda vez que o pagamento deste aproveitamento vén motivado pola molestía que ó transeúnte ocasiona dita modificación da rasante e polo beneficio que obtén o usuario. Polo tanto tamén procederá á aplicación do prezo público, aínda que a rúa non dispoña de beirarrúa, se a rasante se atopa modificada na parte correspondente a unha porta de acceso o garaxe.

4.-Os obrigados ó pagamento declararán os elementos tributarios que empreguen, especificando as características dos mesmos, e comunicando calquera variación que deba repercutir na conta da tarifa, así como en caso de construcción de depresión autorizada, dar conta á Administración da data na que remata a construcción.

5.-A desaparición de depresións será por conta do propietario, quen deberá solicitar previamente a oportuna autorización.

- Tarifa segunda:

Por cada metro lineal ou fracción de calzada a que alcance a reserva de espacio destinada a estacionamento ó ano:

A) Reservas permanentes para cargar e descargar: 30,31 euros

B) Reservas de duración limitada:

Das 08 ás 10 horas: 16,65 euros.



Das 10 ás 14 horas: 30,31 euros.

Das 14 ás 16 horas: 16,65 euros.

Das 16 ás 20 horas: 30,31 euros.

Das 20 ás 08 horas: 16,65 euros.

C) Vaos permanentes por metro lineal ou fracción: 11,31 euros.

- Tarifa terceira:

A) Reserva parada de taxi; por cada un: 18,94 euros

B) Reserva parada para transporte lixeiro, ó ano, por cada un: 60,61 euros

- Tarifa cuarta:

Reserva de espacio con carácter temporal: por metro cadrado e fracción:

A) Servicio de mudanzas, fracción de 4 horas: 4,56 euros/fracción/m<sup>2</sup>; quedando establecido unha cantidade mínima de 30,00 €.

B) Vehículos de exposición, día: 7,59 euros

C) Outros usos, día: 7,59 euros

- Tarifa quinta:

Por unidade:

Por cada peche de rúa, día: 113,67 euros

Por cada peche de senda e outros camiños públicos do término municipal: 56,83 euros

As reservas estarán sinalizadas coas placas de “vao permanente”, que subministrará o Concello ó prezo de custo das mesmas.

As cuotas terán un carácter reducible, prorroteándose por trimestres naturais.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

**Artigo 7º .-Tarifa.**

A tarifa a que se refire o artigo anterior estructurarase nos seguintes epígrafes:

1.-Certificacións de empadroamento no censo de poboación:



- Vixente: 1,63 euros

- De censos anteriores: 3,27 euros

2.-Certificados de convivencia e residencia: 2,43 euros

**Epígrafe segundo: Certificados e compulsas.**

1.-Certificación de documentos ou acordos municipais: 4,05 euros

2.-Certificacións relacionadas co servicio de reclutamento: 0,76 euros

3.-As demais certificacións: 2,41 euros

4.-A diligencia de cotexo de documentos: 0,38 euros

5.-Polo bastamento de Poderes vaian surtir efectos nas Oficinas Municipais: 12,26 euros

**Epígrafe terceiro.-Documentos expedidos ou estendidos polas Oficinas Municipais.**

1.-Por expedición de certificados e informes en expedientes de traspaso de apertura ou similares de locais por cada un: 8,20 euros

2.-Por cada documento que se expida en fotocopia por folio: 0,28 euros

3.-Por cada documento xercopia autorizado por certificación: 0,76 euros

4.-Por cada contrato administrativo, que se suscriba de obras, bens ou servicios: 16,31 euros

**Epígrafe cuarto.-Documentos relativos a servicios de urbanismo.**

1.-Por cada expediente relativo a licencia de obras maiores: 36,75 euros

2.-Por cada expediente relativo a licencia de obras menores: 3,66 euros

3.-Por cada expediente de declaración de ruína de edificios: 18,90 euros

4.-Por cada certificación que se expida de servicios urbanísticos solicitada a instancia de parte: 24,48 euros

5.-Por cada informe que se expida sobre características do terreo, ou consulta ó efecto de edificación e instalación de parte: 24,48 euros

6.-Obtención de cédula urbanística: 29,38 euros. **PREVIO DEPÓSITO.**

7.-Acta de replanteo Obra Maior ou comprobación de obra : 73,47 euros

8.-Acta de alianación Obra Menor: 36,73 euros.



9.-Transmisións de licencias: a) maior: 71,11 euros., menor: 11,85 euros.

10.- Tramitación de polígonos-solos urbanos non consolidados-áreas de reparto: 1.777,74 euros.

11.- Tramitación de Instrumentos de desenrollo do P.X.O.M. de iniciativa particular: 1.777,74 euros.

12.- Por cada expediente relativo a parcelacións de fincas: 36,73 € por parcela resultante.

**Epígrafe quinto.-Contratación obras e servicios.**

1.-Constitución, substitución e devolución de fianzas para licitadores e obras municipais, por cada acto: 7,34 euros

2.-Certificacións de obras, cada unha: 7,34 euros

3.-Actas de recepción de obras: 7,34 euros

**Epígrafe sexto.-Outros expedientes ou documentos.**

1.-Por calquera outro expediente ou documento non expresamente tarifado: 7,34 euros

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS.**

**Artigo 5º .-Cota Tributaria.**

1.-A Cota tributaria corresponde á concesión de licencia de autorización, esixirse por unha soa vez e consistirá nunha cantidade fixa de 103,66 euros por terreo, vivenda ou local.

2.-A cota Tributaria a esixir pola presentación dos servicios da rede de sumidoiros determinarase da seguinte maneira:

a) Abonados con subministro de auga potable: 0,24 euros  $m^3$  factura + cun mínimo de 30  $m^3$  trimestre.

b) Abonados con subministro de auga potable: 0,24 euros  $m^3$  factura + 7% IVE con mais de 30  $m^3$  trimestre.

c) Abonados sen subministro de auga potable: 30  $m^3$  x 0,24 euros  $m^3$  de couta fixa trimestral.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO.**

**Artigo 6º .-Cota tributaria.**

1.-A conta Tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.



# CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

2.-A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

## **Epígrafe 1º .-Vivendas.**

Por cada vivenda 91,82 euros

## **Epígrafe 2º .-Establecementos de Alimentación.**

Supermercados, almacéns por xunto de froitas, verduras, hortalizas, pescaderías, carnicerías e demais establecementos de alimentación 200,78 euros

**Epígrafe 3º .-Establecementos de restauración:** 182,41 euros

**Epígrafe 4º .-Resto dos locais, comerciais, industrias e servicios non comprendidos nos epígrafes anteriores:** 164,05 euros

3.-As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a doce meses.

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO.**

5.-Por transmisión de licencias: 79,34 euros

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AGUA, INCLUÍDO OS DEREITOS DE ENGANCHE E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.**

## **Artigo 5º .-Cota Tributaria.**

**Artigo 5º .-Cota tributaria.**

Cota de servicio: 9,56 euros/trimestre (para todo abonado), + IVE 7%.

Consumo de 11 ata 20 m<sup>3</sup>. trimestrais: 0,15 euros/m<sup>3</sup> + IVE 7%.

Consumo de 21 ata 30 m<sup>3</sup>. trimestrais: 0,16 euros/m<sup>3</sup> + IVE 7%.

Consumo de 31 ata 40 m<sup>3</sup>. trimestrais: 0,51 euros/m<sup>3</sup> + IVE 7%.

Consumo de 41 ata 50 m<sup>3</sup>. trimestrais: 0,54 euros/m<sup>3</sup> + IVE 7%.

Consumo de mais de 50 m<sup>3</sup>. trimestrais: 0,57 euros/m<sup>3</sup> + IVE 7%.

Dereitos de acometida: conexión inicial por vivenda, terreo ou local: 103,67 euros

## **REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E SILLAS, CADEIRAS COA FINALIDADE LUCRATIVA.**

## **Artigo 3º .-Contía.**



1. A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas Tarifas contidas no apartado seguinte, atendendo a superficie ocupada polos aproveitamentos expresada en metros cadrados.

2. As tarifas do precio público serán as seguintes:

a) Por cada metro cadrado de superficie ocupada:

Período	Categorías fiscais das vías públicas	
	1 <sup>a</sup>	2 <sup>a</sup>
Mensual	7,34 euros	3,66 euros

**REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS CON MERCADORÍAS MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VAIAS, PUNTAIS, ANELES, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.**

#### **Artigo 6º .-Tarifa**

1.-A contía de taxa, reguladora nesta Ordenanza, será a fixada nas tarifas que a continuación se detallan.

2.-Tarifa primeira. Ocupación de vía pública con mercadorías.

1.-Ocupación ou reserva especial da vía pública ou terreos de uso público que fagan as industrias con materiais ou productos da industria ou comercio que se adiquen a súa actividade, comprendidos os vagóns ou vagonetas metálicas denominados “containers” por metro cadrado e fraccións de 10 días.

#### **Epígrafe: Euros**

En Rúas de 1<sup>a</sup> Categoría: 2,44 euros/fracción/m<sup>2</sup>; quedando fixada unha cantidade mínima de 20,00 euros.

En Rúas de 2<sup>a</sup> Categoría: 1,22 euros/fracción/m<sup>2</sup> ; quedando fixada unha cantidade mínima de 10,00 euros.

Tarifa segunda.-Ocupación con materiais de construcción.

Ocupación de vía pública ou terreos de uso público, con escombros, materiais de construcción vagóns ou vagonetas metálicas denominadas “containers” para recollida ou depósito dos mesmos, e outros aproveitamentos análogos. Por metro cadrado e fracción de 10 días.



En Rúas de 1<sup>a</sup> Categoría: 2,44 euros/fracción/m<sup>2</sup>; quedando fixada unha cantidade mínima de 20,00 euros

En Rúas de 2<sup>a</sup> Categoría: 1,22 euros/fracción/m<sup>2</sup> ; quedando fixada unha cantidade mínima de 10,00 euros

Tarifa terceira.-Valas, puntais, asnillas, andamios, casetas de obras, etc.

1.-Ocupación de vía pública ou terreos de uso público con vallas, caixóns de cerramento sexan ou non para obras, e outras instalacións análogas. Por metro cadrado e fracción de 10 días.

En Rúas de 1<sup>a</sup> Categoría: 2,44 euros/fracción/m<sup>2</sup>; quedando fixada unha cantidade mínima de 20,00 euros

En Rúas de 2<sup>a</sup> Categoría: 1,22 euros/fracción/m<sup>2</sup> ; quedando fixado unha cantidade mínima de 10,00 euros

Tarifa cuarta.-Cortes de rúas (tráfico), camiños, pasos, etc.

Por cada día de corte de tráfico: 146,92 euros

Por cada fracción de 4 horas: 73,45 euros

**REGULADOR DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.**

**Tarifa primeira.**

Entrada de vehículos en edificios a través das beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamiento exclusivo, carga e descarga de mercadorías.

1. Ata 3 metros lineais de entrada de vehículos e reserva de vía pública: 30,61 euros/ano.


Por cada metro lineal ou fracción que exceda dos 3 metros: 24,48 euros/ano.

**REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA.**

**Artigo 4.-Contía.**

1.-A contía de prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada na Tarifa contida no aparato seguinte, atendendo á categoría da rúa onde radique o quiosco e en función do tempo de duración do aproveitamento e da superficie da que a súa ocupación queda autorizada en virtude de licencia, ou realmente ocupada, se fora maior.

2.-A tarifa do prezo público será a seguinte:



	<b>Categorías das rúas</b>	
	<b>1<sup>a</sup></b>	<b>2<sup>a</sup></b>
Por cada metro cadrado de vía pública ocupada con quioscos ó trimestre pesetas	24,48 euros	18,35 euros

**REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO PAVILLÓN DEPORTIVO MUNICIPAL.**

a) Actividades Deportivas:

Adestramentos (pista completa): 16,53 euros/hora.

Pista compartida (1/2): 7,72 euros/hora.

b) Competicións:

Competicións sen venda de billetes: 33,06 euros/hora.

O tempo máximo de utilización para competicións será de dúas horas.

Espectáculos deportivos:

72,74euros/hora sen taquilla.

154,29 euros/hora con taquilla.

No suposto de que sexa necesaria a utilización por tempo superior a dúas horas, aplicarase a tarifa de xeito proporcional.

b) Espectáculos non deportivos:

Actos beneficios, actos culturais e actividades alleas ó deporte, sen taquilla: 72,74 euros/1,5 horas de uso.

Actividades profesionais, con fins lucrativos: 2.645,04 euros/ día.

c) Uso do Ximnasio:

Uso sa Sala de Ximnasio por equipos/grupos con monitor propio en horas disponibeis: 33,06 euros/hora.

**REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE ARES.**



**Artigo 3º .-Contía.**

1.-A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte.

2.-As tarifas do precio público serán os seguintes:

Posto con cámara frigorífica: 25,13 euros/mes.

Posto sen cámara frigorífica: 20,94 euros/mes.

Mesas de peixe: 8,40 euros/mes.

Postos provisionais: 0,84 euros/día.

Postos de venda ambulante exterior ó mercado: 1,64 euros m<sup>2</sup>/día.

**Artigo 4º**

1º .-A concesión de postos no mercado, calquera que sexa a súa clase, serán de conta da exclusiva competencia da Comisión de Goberno e terán que ser outorgados nas seguintes condicións:

a) Non poderá outorgarse a concesión de ningún posto fixo, de calquera clase que sexa, se non é mediante poxa que será anunciada coa debida profusión e imprescindiblemente no recinto do mercado e no taboleiro de edictos da Casa do Concello.

b) As poxas celebraranse cando existan postos vacantes mediante acordo adoptado ó efecto pola Comisión de Goberno, redactándose as bases que rexerán a poxa.

c) As bases ás que se refire a letra anterior terán que se publicar no Boletín Oficial da Provincia e estarán expostas no mercado, facéndose constar por diligencia no expediente este extremo.

d) A adxudicación verificarase entre os pretendentes ás concesións, ó que ofreza pola mesma, en concepto de premio, maior cantidad en metálico, independentemente do canon que establezan as tarifas, e a tal efecto os postos serán licitados durante un espacio prudencia de tempo, que en todo caso determinará a Presidencia polo sistema de poxas á chamada ou sobre pechado.

e) A cantidad inicial para dar comenzo á licitación das mesmas para a venda de peixe, será a seguinte:

Mesas de peixe interior: 79,31 euros

**REGULADORA DO OUTORGAMENTO DE LICENCIAS 1ª UTILIZACIÓN OU OCUPACIÓN DE EDIFICIOS**



**Artigo 8º .-Taxa municipal.**

Por cada visita de inspección por parte dos técnicos Municipais:

Vivendas Plurifamiliares:

- Primeira visita de inspección de vivenda plurifamiliar: 102,30 euros.
  - Segunda visita e posteriores : 51,15 euros

Vivendas Unifamiliares:

- Primeira visita de inspección de vivenda unifamiliar: 51,15 euros.
- Segunda visita e posteriores: 30,69 euros /visita.

6.-O tipo de gravame a aplicar será o seguinte:

- Por cada vivenda: 125,24 euros

**REGULADORA DO DEPOSITO DE CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA E TALLA**

**Artigo 4.**

1.-Independentemente da taxa que se fixe nas ordenanzas fiscais correspondentes, os beneficiarios da licencia deberán presentar xustificantes de ter presentada fianza, por calquera da dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polos importes que se indican no apartado seguinte, para responder do amago dos deterioros que puideran producir nos viais e a limpeza dos restos das operacións de carga de depósito de madeira.

2.-Establécense dúas categorías a efectos de fixación das fianzas:

- Vehículo con peso máximo autorizado inferior a 16 Tm: 1.009,84 euros
- Vehículo con peso máximo autorizado maior ou igual a 16 Tm: 1.587,09 euros

**Artigo 7.**

1.-No caso de incumprimento dos preceptos contidos na presente ordenanza, o Concello poderá sancionar ós responsables con multa comprendida entre 79,31 euros e 793,53 euros en función da gravidade dos feitos.

Disposición adicional.

Establécese, a efectos de trámite de licencia e rexistro de vehículos, as taxas seguintes:

- Por tramitación de nova licencia ou renovación: 39,65 euros



- Por tramitación de novos rexistros de vehículos: 15,84 euros
- Por cada rexistro de vehículos en nova licencia ou novos rexistros de vehículos:
- Peso máximo autorizado menor de 16 Tm: 7,95 euros por unidade.
- Peso máximo autorizado maior ou igual a 16 Tm: 15,84 euros

A revisión das taxas realizarase mediante ordenanza fiscal específica.

**REGULADORA DA TAXA POLA PRESENTACIÓN DE SERVICIO DO MOSTEIRO DE SANTA CATALINA DE MONTEFARO E AS SÚAS INSTALACIÓNNS**

**Artigo 6.-Tarifas.**

A) Entrada e visita das instalacións do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.

1.1. Entrada Xeral: 0,80 euros persoa.

1.2. Entrada Reducida: 0,40 euros persoa.

1.3. A Tarifa reducida a que se refire o apartado anterior será de aplicación nos seguintes casos:

A) Menores de catorce anos, titulares do carné novo e maiores de 65 anos.

B) Grupos escolares de centros que no pertenzan ó municipio de Ares, en visita previamente concertada.

C) Público en xeral os días que, en cada caso concreto, autorice a comisión de goberno.

1.1. Cota cero na entrada e visita:

A) Grupos escolares de centros pertencentes ó municipio de Ares, en visita previa concertada.

B) Visitas patrocinadas polo Concello, previa resolución da Alcaldía ou da Concellería de Cultura que así o declare.

B) Utilización das instalacións do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.

1.1. Utilización das instalacións para sesións fotográficas de vodas, bautizos, primeiras comunións, celebracións e actos asimilables: 79,31 euros

1.2. Utilización singular ou excepcional das instalacións. A tarifa será fixada pola Comisión municipal de goberno para cada caso concreto atendendo ó custo do servicio solicitado, sen que en ningún caso sexa inferior a 39,65 euros, ou superior a 198,36 euros



1.3. Cando a utilización singular ou excepcional das instalacións do mosteiro impida o normal uso das mesmas polo público en xeral, a tarifa será de 277,74 euros/día sen que en ningún caso dito uso exclusivo poida exceder illada ou conxuntamente 15 días por semestre.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVOS E DE LECER.**

**Fundamento legal.**

**Artigo 1º .**

Consonde co previsto no artigo 57 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en relación co artigo 20 da mesma Lei, e en uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e artigos 15 a 19 do xa citado RD Lexislativo 2/2004 ,este Concello establece a taxa pola prestación de servizos socioculturais, deportivos e recreativos.

**Feito impoñíbel.**

**Artigo 2º .**

1. Está constituído pola realización, por persoas físicas ou xurídicas, de actividades socioculturais, deportivas e recreativas tanto en instalacións municipais coma concertadas.
2. Aos efectos da aplicación da taxa, a obriga de contribuír nace dende o momento en que se formaliza a inscrición nunha actividade e até que remate a mesma, agás cando formalicen a súa baixa na actividade en cuestión nos termos establecidos nesta ordenanza.
3. A baixa nunha actividade hase solicitar no Rexistro Xeral do Concello e non eximirá do pagamento do período impositivo correspondente (día, mes ou cuadrimestre) á data de formalización da baixa.

**Suxeito pasivo.**

**Artigo 3º .**

Están obrigados ao pagamento da taxa por realización de actividades socioculturais, deportivas e de lecer:

1. As persoas físicas que formalicen a súa inscrición nas mesmas nos termos e condicións sinalados no artigo 2.2
2. As persoas físicas ou xurídicas que promovan a utilización dos locais municipais para calquera das actividades previstas nesta ordenanza.



**Responsábeis.**

**Artigo 4º .**

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria. A responsabilidade esixirase en todo caso, nos termos e consonte co procedemento previsto na nova Lei Xeral Tributaria 58/03 de 17 de decembro.

**Cota tributaria.**

**Artigo 5º .**

**1. SERVIZOS SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVOS E RECREATIVOS**

**1.1. Escolas deportivas no Pavillón Deportivo Municipal:**

**1.1.1 Tarifas.**

Establécese unha matrícula por alumno/a de Escola de 8,39 euros para os empadroados/as en Ares, e de 15 euros para os non empadroados. Asimesmo as taxas por escola e mes son as que seguen:

Concepto	Categorías	Total
Escola deportiva no Pavillón (1,5 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	6,61 euros
	Adultos	9,92 euros
Escola deportiva no Pavillón (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	8,82 euros
	Adultos	14,52 euros
Escola deportiva no Pavillón (3 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	11,02 euros
	Adultos	16,53 euros

**1.2. Escolas deportivas fóra do Pavillón:**

**1.2.1. Tarifas.**

Establécese unha matrícula por alumno/a de Escola de 8,59 euros para os empadroados/as en Ares, e de 16,10 euros para os non empadroados. Asimesmo as taxas por escola e mes son as que seguen:



Concepto	Categorías	Total
Resto de escolas deportivas (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	8,82 euros
	Adultos	13,22 euros

**1.3. Escolas culturais:**

**1.3.1. Taxas.**

Establécense unha matrícula por alumno/a de Escola de 8,59 euros para os empadroados/as en Ares, en de 16,10 euros para os non empadroados. Asímesmo as taxas por escola e mes son as que seguen:

Concepto	Categorías	Total
Escola Cultural (1,5 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	6,61 euros
	Adultos	9,92 euros
Escola Cultural (2 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	8,82 euros
	Adultos	14,52 euros
Escola Cultural (3 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	11,02 euros
	Adultos	16,53 euros
Escola Cultural (4 h cada semana, durante 1 mes)	Menores	13,22 euros
	Adultos	18,74 euros

**1.4. Cursos puntuais e actividades deportivas e culturais:**

Concepto	Total menores	Total adultos
Curso ou actividade de menos de 10 h.	5,37 euros	11,02 euros
Curso ou actividade de entre 10 e 20 h.	9,66 euros	15,43 euros
Curso ou actividade de entre 20 e 30 h.	12,88 euros	18,74 euros



Curso ou actividade de máis de 30 h.	16,10 euros	22,04 euros
--------------------------------------	-------------	-------------

### 3. Inscricións

#### Artigo 6º

No momento de efectuar a inscrición en calquera Escola Municipal ou actividade, deberá ordenarse a unha entidade bancaria a domiciliación do pagamento da taxa ou o pago por portelo mensualmente. Igualmente poderase autorizar o pago das taxas nalgún local destinado ó efecto previa autorización da Concellaría de Cultura e Deportes do Concello.

O abono familiar é unha modalidade de pagamento destinada a incentivar a participación dos membros da unidade familiar nas escolas deportivas municipais. Para elo establecéense os seguintes reduccións:

Número de inscripcións	Desconto nas matrículas	Desconto na escola.
3 ou máis (unidade familiar)	50% en todas	50% na escola de menor importe.
Familia numerosa.	50% en todas	50% nas escolas.
Familias carentes de recursos económicos (previa comprobación por parte de Asuntos Sociais) ou casos particulares previo estudio.	100% en todas	100% en todas

#### ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACION DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCEIA E A PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDIENTES.

#### ARTIGO 1 NATURALEZA E FUNDAMENTO

#### ARTIGO 4 .- CONTIA DO PREZO PUBLICO



4.1.- A contía do prezo público regulado no presente acordo será o fixado nas tarifas contidas nos apartados seguintes referida a unha hora de prestación do servico, e que se determinará do seguinte xeito:

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas do presente artigo, o importe do prezo público será de 12,28 €/hora. ( se aplicará anualmente o IPC correspondente)

O abeiro do establecido no artigo 47.1 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facetas Locais, delégase na Xunta de Goberno Local a competencia para a modificación de ditos importes en función das variaciones no custe do servicio.

O cálculo da cota mensual se realizará co nº de horas mensuais prestadas x prezo/hora.

**Punto núm. 5.- APROBACION DEFINITIVA DE ESTUDIO DE DETALLE DE ALIÑACIÓN E RASANTE EN CURVEIRO-CAAMOUCO.-**

O Sr. Alcalde manifesta que unha vez que se anulou o Plan de Urbanismo, as zonas urbanas son o casco urbano de Ares e o casco urbano de Redes, e as normas subsidiarias esixen para a promoción da construcción de vivendas, un Estudio de Detalle de iniciativa privada, trátase en consecuencia dese estudio de Detalle, que efectivamente pasou por Comisión de Urbanismo.

Toma a palabra o voceiro de NAL, manifestando que esto é de aplicación directa, e según do informe do Técnico cumple con todo, a situación real é a aplicación das Normas Subsidiarias, e neste caso existe un estudio de Detalle, cumple con tal entonces simplemente hai que decir que sí, cumple coa Lei e adiante.

O Sr. Alcalde manifesta que aparte o Estudio de Detalle, é un Estudio de Detalle que non ofrece dúbida.

Interven o Voceiro do B.N.G. Sr. Rodríguez Doval: Manifestando que a estas alturas todos e todas somos conscientes que a xestión do urbanismo no noso Concello, está nunha situación excepcional, o feito de termos quedado sin Plan Xeral, e ter que adaptar unhas normas que están desactualizadas non solamente no tempo, senón que están desactualizadas na súa filosofía, o que nos está levando a situacions que son de todos e todas coñecidas, aquí hai un problema que eso revirte na propia xestión urbanística que ten que facer o Concello, pero tamén hai un problema que revirte na posibilidade de desenvolvemento urbanístico que necesitarían, os particulares, é dicir afectanlos a nos, porque non temos un documento que permita racionalizar a política urbanística e afectalle ós particulares, porque hai dúbidas, hai imprecisóns e tal, como se dixo efectivamente as normas que lle estamos aplicando neste



momento son aparte de desactualizadas super imprecisas en moítísimos casos, o caso concreto que nos ocupa, na zona de Redes, e tamén na zona de Ares. Aquí o debate é que hai duas formas de ver esto non, unha forma sería a de ir tirando para diante, no sentido de promover actuacións de carácter singular, que foran dando solución entre comillas a esas demandas de carácter particular que se van facendo, e outra delas sería desde logo pola que avogamos nos é facer unha solución global que permita darlle solución as cuestións de carácter singular, parece un xogo de palabras pero non o é. E dicir nos podemos estar desde hai dous anos que se anulou o Plan Xeral de Ordenación Municipal con cinco modificacións puntuais aquí, un estudio de detalle aquí, para solucionar este problema, evidentemente non, porque claro eso pode ser unha situación transitoria que fagas durante un ano, pero tes que marcar unha perspectiva, e esa perspectiva se chama Plan Xeral de Ordenación Municipal, entonces claro, onde estamos aquí, e de hai vai a vir a nosa posición con respecto a este tema, dunha cuestión de Fondo e non dunha cuestión puntual, hai que ter coherencia, posto que podemos convertir este Pleno nun debate sobre estudios de detalle e cen mil cuestións de carácter singular, e eso que revelaría, pois que temos un problema, convertiríamos este Pleno en fulanita de tal que quere facer a súa casa ou fulanito que quere facer a súa, e temos que facer unha modificación Puntual ou un estudio de Detalle para darlle solución a eso, collamos o toro polos cornos e fagamos o Plan Xeral de Ordenación Municipal, estamos falando dunha cousa que desde o punto de vista que falou eu é imposible porque perdemos o tren neste caso, onde vou eu é o seguinte, nos non temos Plan Xeral de Ordenación Municipal, e as solucións que estamos dándolle ós temas urbanísticos, son solucións que eu penso que son descafeinadas, son solucións que non parten dunha filosofía concreta, e que é ir tapando ocos, e nos non somos en absoluto favorables a este proceso, o decimos con toda claridade, sabemos que o tema do Plan Xeral de Ordenación Municipal, é un tema complicado, pero tamén é coñecido dentro da Corporación senón tamén fora, cal foi a bontade do BNG desde o mes de maio do ano 2007, que é situar esto no centro das prioridades ou na prioridade máxima e poñer toda a carne no asador, e creo que non se poderá dicir, que no caso concreto non o fixemos así, nese sentido entendemos o dereito dos particulares tamen o quero dicir con toda claridade, para mí é moi respetuoso que este señor que ven aquí quera facer unha modificación para poder facer a súa vivenda, pero tamén temos que entender que nos non somos unha oficina de xestión, temos que marcar directrices, e aquí non esta habendo en absoluto directrices de carácter urbanístico ningunha, nese sentido vamos a manter unha posición de abstención como máximo respecto, porque non se tratar que nos digamos que non cumpla nin nada senón que non nos gusta o procedemento e sobre todo o que non nos gusta é o escenario no que estamos, porque estamos avocados a modificacións puntuais e a Estudios de Detalle, e ademáis este xa non é o primeiro porque eu vin algún máis na Xunta de Goberno, polo tanto eu creo que ese non é o método, o método é facer o que hai que facer, e os deberes se chaman Plan Xeral de Ordenación Municipal e nese sentido, neste tema por esa razón de fondo que quero volver a aclarar que non ten nada que ver con que se cumpla ou non



se cumpla a legalidade, senón que a nos o procedemento non nos gusta, enton vamos a absternos.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente: cando o equipo redactor do Plan de Urbanismo en diferentes xuntas de portavoces, foi expoñendo o seu contido chegou un momento en que os voceiros puxeron enriba da mesa que non o ian a aprobar, porque non se podían delimitar todos os nucleos rurais que xa había no Plan do 99, en consecuencia hai rachouse a visión dos grupos sobre un documento inicial que a xente dixo que non o ía a aprobar e loxicamente se decidiu esperar á reforma da Lei do Solo, porque se nos trasladaba que coa última reforma aprobada este febreiro, da Lei do Solo poderíamos salvar todos os nucleos, e esperamos ó mes de febreiro, e en febreiro fixose unha reforma da Lei do Solo que volveu a poñer enriba da mesa a posibilidade de aprobación dun PXOM, e o Equipo Redactor volve a traballar no documento inicial que non nos gustaba porque non salvaba todos os nucleos rurais, porque coa reforma da Lei do Solo do mes de febreiro, poden salvarse todos os nucleos rurais, e loxicamente según do seu contrato ten que poñer a disposición do Concello un documento para súa aprobación inicial, antes deste fin de ano; entonces o equipo redactor terá que entregar este documento para súa aprobación se nos convence a súa aprobación antes do fin de ano, pero desde logo parece que nos convencia máis có anterior, que como non recoñecía os nucleos rurais, todo o mundo dixo alí que este Plan non o íamos a aprobar, os voceiros foron falando de un e dixerón que para aprobar algo peor que efectivamente non contaramos con el, entonces a situación do PXOM e esa, parouse cando racha a vontade de sacalo para diante un documento pero do que tiñamos, agora coa reforma da Lei do Solo parece que a situación é distinta, e decidimos seguir adainte e estamos esperando que polo equipo redactor se nos poña a disposición, ese documento, pero xa digo que co Plan seguimos pero agora evidentemente é certo que a nosa vontade é que ten que ser un documento aprobado por unanimidade sempre puxemos enriba da mesa que o urbanismo é unha cuestión de todos, e efectivamente cando os portavoces din que ese Plan non pode seguir adainte, porque evidentemente é pero que o anterior, pois evidentemente esperamos a reforma da Lei do Solo.

Interven o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández: Manifestando que eu creo que son dous debate diferentes que coinciden, pero o que si hai que ter claro que é un derecho reglado que ten o cidadán, as consecuencias polas que se chegou a ter que facer un Estudio de Detalle son as que son, pero o que sí está claro que hai que mirar, podería haber algúna dubida se esa parcela fora unha edificación diferente, creo que non hai dúbida, nin coas Normas Subsidiarias nin co Plan Xeral do 99, nin co Plan que veña, esa parcela se vai a facer unha vivenda unifamiliar, que xa hai varias por alí, creo que non vai a entorpecer nada, nin parar nada, coa previsión que poideramos ter, eso non vai a incidir negativamente en nada, e creo que eso é un derecho reglado que ten o cidadán, e nos vamos a darlle para diante.



Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 11 votos a favor ( 5 PSdeG-PSOE, 4 P.P. e 1 NAL e 1 Concelleiro non adscrito Sr. Echevarria Lage) acorda prestarlle a súa aprobación.

### **CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.**

#### **Punto núm. 6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resoluciónns adptadas pola mesma dende acelebracion da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

#### **Punto núm. 7.- MOCIÓNNS E PROPOSTAS.**

##### **A) MOCION DO BNG “SOLICITANDO O MANTEMENTO DOS INVESTIMENTOS NO ENSINO PÚBLICO”.**

Dase conta da Moción do BNG solicitado o Mantemento dos Investimentos no Ensino Público, do seguinte teor literal:

##### **“EXPOSICION DE MOTIVOS.**

Para garantir a calidade educativa do ensino públío de Galiza é necesario que o investimento público garante o acceso á mesma en igualdade de condicións para todos os nenos e nenas. Esta premisa é ainda máis importante en época de crise xa que podemos ver acentuadas as diferencias entre as familias para poder manter un acceso igualitario á educación. Non obstante, para o vindeiro ano 2011 os orzamentos de Educación da Xunta de Galiza sofren unha baixada imporatne de case un 7% que afasta cada vez máis a Galiza de conseguir o obxectivo de aproximarse ao 6% do PIB.

O preocupante desta caída é que afecta de forma moi directa á partida de investimento, xa que existe unha redución drástica que pode chegar a poñer en perigo a conservación e mellora dos centros de ensino públicos. Asemade a redución é moi significativa en partidas que teñen como destinario directo o alumnado. De feito as bolsas



para o alumnado universitario preto do 50%. Destacando tamén o elevado recorte que sufren as axudas as ANPAS para a xestión de comedores escolares que chega a un 35%. Esta redución pode implicar que en moitos centros o servizo de comedor chegue a estar en perigo. Non obstante, e como mosta da liña política que segue o PP na Xunta de Galiza, a mesma Consellería reserva 2 millóns de euros para cambiar os libros de texto de galego a castelán para o próximo curso.

Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG proponlle ao Pleno da Corporación municipal de Ares a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**Instar ao Presidente da Xunta de Galiza para que a Consellería de Educación:**

**1.- Manteña as partidas de bolsas para o alumnado, destinadas a estudar idiomas, bolsas para as prácticas de FP e para os estudos universitarios, cun importe como mínimo ao recollido nos orzamentos deste ano 2010.**

**2.- Manteña a partida adicada a axudas as ANPAS para a xestión dos comedores escolares cunha dotación que como mínimo se equipare á dos orzamentos da Xunta de 2010.**

**3.- Incorpore aos orzamentos de 2011 os recursos suficientes para acometer as obras de ampliación do CPI “CONDE DE FENOSA” así como as reparacións e mantemento do devandito centro.”**

Interven o Voceiro do BNG, Sr. Rodríguez Doval, manifestando que en dous ou tres puntos do debate que tivemos hoxe saleu a relucir algo que supoño que nos preocupa a todos e a todas, que en situación que non son de bonanza por chamalo dunha maneira eufemística se priorice o gasto, nos pensamos efectivamente que en situacionés como esta, que non hai que atacar ó que desde o noso punto de vista constitue o esqueleto básico do que se chama estado de Benestar, como son as políticas de Servicios Sociais, as políticas sanitarias e as políticas de ensino, e fundamentalmente esta última porque é o esqueleto diría eu casi todo básico, se o ensino se fai en condicións temos un ensino de calidade, aberto a todo o mundo, seguramente os outros servicios van a funcionar moiisimo mellor, cando a Xunta de Galicia, presenta os orzamentos do ano 2011, xa se evidencia que no aspecto do servicio público de ensino pois hai rebaixas bastante considerables, por dicir en algún caso escandalosas, como as bolsas para o alumnado universitario que baixan un 50%, ou as bolsas para o aprendizaxe de idiomas que baixan máis dun 52%, etc. etc., en calquera caso nos pensamos que nun momento precisamente no que se pedía que esas políticas se reforcen estamos debilitando o apoio a algo que para nos é básico, desde todo punto de vista, que é a garantía do ensino público con carácter obligatorio con carácter universal para todas as nenas e nenos, ou para todalas mozos e mozos, e tamén incluso



para xente maior, que desgraciadamente non o poida facer no seu momento, como acabo de dicir o que é bastante evidente, que hai unha reducción drástica, nos pensamos que era oportuno que a nosa corporación desde un punto de vista xenérico, se manifestase porque tamén é importante que as corporacions locais, porque ademáis en moitos casos o que nos pasa despoxis, e que temos que suplir as carencias ou as reduccions de servicios que viña prestando neste caso o goberno galego, que a cidadanía xa dalgunha maneira se acostumou a eles porque cree que son un dereito e loxicamente pago os seus impostos pero que a Xunta os reduce, e depois de rebote o que temos que actuar os Concellos é como administración complementaria, bueno pois nos pensamos que neste momento no que esta a debate os orzamentos da Xunta de Galicia o que temos que dicir, e que non estamos en absoluto de acordó en que se reduzan esas cantidades, que hai outras cousas nas que si efectivamente se pode reducir nalgunha delas xa falamos aquí no último Pleno, e despoxis de visto o visto, coa visita divina quedaría moito máis claro que tiramos 4 millóns de euros nunha cousa que non servía absolutamente para nada, refirome naturalmente á visita do Papa. Nos tres puntos e xa remato, se incide nos dous primeiros no mantemento das bolsas para o alumnado, que a nos nos parece un tema fundamental polo que xa comentei antes, o tema das ANPAS e do mantemento dos comedores escolares, de momento salvamonos pero é evidente que en Concellos que non están moi lonxe de nos en concreto o de Mugardos xa están aturando cos resultados da deixacion do que tiña que ser unha política levada pola Xunta de Galicia, polo tanto ir a fórmulas a través das ANPAS, a través do propio Concello poñendo diñeiro, xa estamos nesa situación, eso sería o segundo punto e o terceiro e outro un pouco máis concreto, pero tamén moi máis urxente, necesario desde o noso punto de vista, é que pensamos que se debía de incorporar, unha partida suficiente dentro dos orzamentos do 2011, para unha obra que estamos reclamando desde hai catro anos que teóricamente que pensamos nos que estaba desde polo menos o punto de vista político, senón técnico, pero desde o puntos de vista político comprometida, naquela reunión que tivemos creo que no mes de maio, co Delegado Territorial da Xunta de Galicia, pero a estas alturas vemos que nin coñecemos o proxecto pero si sabemos cales son as previsións de execución, que si non figuraran nos orzamentos da Xunta de Galicia, sabemos que non se van a executar, incorporamos aquí ese punto que é "Pedir a Xunta de Galicia que se meta no presuposto do 2011 cantidade suficiente para as obras de ampliación do CPI Conde de Fenosa, así como as reparacións necesarias para o mantemento do citado centro, que tamén por certo é un debate que temos a respecto destas cuestiós, un debate que temos sobre cousas que non sabemos se as temos que fazer nos, se as ten que fazer a Administración Autonomica, e ademáis o que esta pasando como di o refrán –uns por outros e a casa sen barrer-, ese é o contido da moción, e dito o dito, solicitar o apoio dos grupos municipais, para a aprobación desta Moción.

Toma a palabra o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández: Eu simplemente dicir que as cuestiós que aquí veñen nos puntos de acordó, simplemente o que nos atañe no caso



concreto do noso Concello é o tema da partida ou a incorporación da partida para ampliar o C.P.I., aquí de todos é coñecido e eso o manifestou o Alcalde nunha Comisión, de que este tema estaba solucionado, porque lle habían feito o compromiso, eso foi o que eu entendin na Comisión e que xa ía recollido nos orzamentos, entonces se estaba recollido nos orzamentos non ten razón nin sentido a Moción, eu son os datos que barallo e a eles me vou a referir. No caso concreto a Moción, si falamos aquí da priorización das políticas que hai que adicar nestes anos de crise, pois dicir que o recorte presupuestario da Xunta de Galicia foi un 12%, entonces seamos serios e responsables, as Consellerías se lles vai a tocar más ou menos, neste caso concreto da Consellería de Educación, lle toca a aspectos de bolas, non lle afecta ó transporte, non lle afecta ó gasto de persoal que se incrementa nun 1%, desde o punto de vista do recorte nesta Consellería hai aspectos, que uns se valoran más que outros, entendo que todo é importante nas bolsas, pero o reaxuste á hora de reaxustar o presupuesto me imaxino que afectarán a todas as facetas, e a todos os departamentos da Xunta concretamente, o tema do profesorado se incrementa xa digo un 1%, o tema dos comedores non afecta, dos 389 que hai existen, simplemente dicir que 300 teñen o persoal propio da Xunta e os restantes están con catering, desde o punto de vista que poideran ter estes servicios nos consideramos que non é de gravedade, outro aspecto en canto as políticas de potenciación do idioma, si é verdade que se reaxustan nun porcentaxe do 20%, eu creo xa digo hai que ser responsables, dicir que nos centros de Educacion Infantil, a ESO, e primaria para nada é más, se incrementa un 6% a partida neste concepto, o tema máis importante que nos afecta a nos como Concello é o incluir a ampliación das obras do Conde De Fenosa, eso según parece esta solucionado e en canto ó tema da rebaixa en canto á inversión en algúns aspectos, xa digo da Consellería como pode ser o tema de mantenimento e conservación que sí e verdade que hai sofre un 15,66% de reducción da inversión, pero sabemos a situación global que hai, ademáis están as comunidades autónomas, a devolver as aportacións do Estado do 2008, sabemos que esa é unha situación real que esta hai, se pode alargar pero o requerimento por parte da Administración Central está no debate de todas as Comunidades Autonomas, e sabemos que esa é unha situación negativa en canto para as comunidades autónomas, e me imaxino que nos afectará a todos os cidadans por igual, e creo que dentro da crise dicir que nos reducen nestes porcentaxes, xa digo todo é digno de valoración pero na nosa opinión creo que o tema non é tan grave como pinta a Moción, nos como eso esta solucionado polo menos eso é o que lle fixeron chegar ó Alcalde e me imaxino que será verdade, e se non é así digo o contrario, e non pasa nada, polo tanto meu voto vai a ser negativo a Moción.

Interven o Voceiro do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán: Vamos a incidir no mesmo, porque aquí nos queixamos as Administracións Locais, que a Xunta de Galicia recorta, que non hai, dicir que á Xunta de Galicia o Goberno Central para este ano 2011 lle reduciu en mil cento setenta e sete millóns de euros, debido principalmente á imposición dun novo límite para endebedamento, a reducción de fondos finalista do Estado, a diminución das



entregas a conta do Estado, e a devolución das liquidacións negativas do ano 2008. Dicir que ante esta situación a Xunta de Galicia veu recortado nun 11% os ingresos, e que tomou a decisión de que tres Consellerías como dixen anteriormente, como son a Consellería de Educación, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Traballo e Benestar Social, rebaixalas minimamente o que poideran, como foi rebaixas un 5,5 % con respecto a outras consellerías que teñen un recorte do 24,7%, e priorizando estas tres Consellerías, dicir que sí que se recortan algunas, pero por parte da Moción hai faltas de verdade, porque por exemplo o tema do mantenemento dos Colexios, se vai a manter a mesma partida, e nalgúns casos neste 2011 se vai a incrementar. Con respecto ás bolsas si que se diminui un pouco, pero minimamente dicir que se crearon, 58 centros prelubres, 3007 bolsas para que os alumnos podan completar as suas competencias lingüísticas noutras países, e 262 auxiliares de conversa para o apoio no aprendizaxe dun idioma estranxeiro, con respecto as bolsas para F.P. se ten unha partida de 1.200.000 Euros, e para as bolsas de Ensino se van a destinar 3 millóns de euros, con respecto a unha novedade que se fixo por parte da xunta de Galicia como poder ser o plan de potenciación do aprendizaxe das linguas estranxeiras e bolsas, dicir que é un plan novo, que se van a adicar 51,5 millóns, que van a repercutir en 40.000 alumnos, e que prevee unha creación de 160 centros plurilingües que impartan ata un tercio das materias en inglés, ademáis da implantación de 1800 seccións bilingües, a formación de 13.000 docentes e 6.600 profesionais de distintos ámbitos laborais, esta iniciativa ten como obxectivo o multiplicar o número de auxiliares de conversación nativos na lingua, multiplícalo por 6 ata 450, e duplicar o financiamento no investimento nesta materia con respecto o bipartito, e dicir estas partidas se duplicaron con respecto ó goberno anterior, e dicir que o tema dos comedores, se van a manter pero deixar claro, que o novo goberno se atopou cun furado de 450 millóns de euros nos comedores, creo que esto se vai a minimizar, que a Xunta de Galicia esta en contacto cos Concellos, que vai a participar no mantenemento dos comedores, se van dar alguns menus asequibles e saludables. Dicir que a situación como podemos ver no tema de educación, se vai minimizar e creo que hai que ser un pouco todos responsables, e deixar claro que nos podíamos votar esta moción, si se lle fai unha transacional que diga o seguinte "O Concello de Ares, insta á Xunta de Galicia a que siga desenvolvendo o Plan Galego de potenciación de linguas estranxeiras, dotando os recursos necesarios para a ampliación das medidas previstas no mesmo, incrementando a oferta de prazas nos comedores escolares, xestionados directamente pola Xunta, sen prexuízo de que se continue apoiando con partidas nos orzamentos as ANPAS que administren comedores escolares, como pode ser a ANPA de Ferrol, e terceiro que continúen realizándose as actividades de mantenimento e reparación dos Centros Públicos do Ensino". Deixar claro xa deixei claro que o tema do Concello de Ares está condicionado, os que temos que facer os deberes no tema do colexio somos nos, a aprobación definitiva do tema puntual das normas, para poder facer as obras, creo que a Xunta ten a intención de amañar eso, neste



ano 2011 vai a manter a mesma partida e en moitos casos vai a incrementar a partida, para o mantenemento dos colexios. E se se lle fai esta engada nos votamos a favor.

Resposta o Sr. Alcalde Presidente: O tema da ampliación do C.P.I. non se condicinou a modificación, dixemos que íamos a facer todo ó mesmo tempo, nos estamos facendo a Modificación e eles están a redactar o proxecto que me imaxino que executaran, para executar a obra non se necesita a modificación, para executar a obra necesitase solo urbano e xa o teñen, é o aparcamento, logo nos comprometimonos a facer esa modificación para inxectar outro solo que vai a ser outro aparcamento, entonces efectivamente eso sería un cambio importante no acordado. Eles teñen un problema porque son os que teñen as competencias en materia de educación, os nenos están en sotanos, e evidentemente cada vez hai máis nenos, entonces unha parcela que está fora do colexio, porque os muros están para dentro, é urbana según a disposición para facer un novo edificio, eso non significa diminuir a ratio metro cadrado alumno, porque a parcela que se vai a construir esta fora do colexio, obsea que o novo edificio non resta espacio metro cadrado-alumno, agora lles quita o aparcamento, e entonces nos comprometimonos a facer esa modificación puntual para inxectar ese solo que será para outro aparcamento, pero evidentemente se a Xunta vai a facer as obras, cando nos fagamos a modificación puntual, eles teñen que traernos o proxecto, que xa é hora de que o traigan que vamos para decembro, e por suposto a executar o edificio, eso é o que garantiza a paz, se ese acordo se rompe non vai haber paz, senón teremos que facer como fixeron en Valdoviño, en Valdoviño resolvieron o problema do Comedor Escolar, movilizándose, entonces claro a situación esta tranquila porque eu me imaxino que o acordo efectivamente continua vixente, non teño outras noticias que sexa distinto, en consecuencia en canto os orzamentos do 2011, cando nos buscamos a partida correspondente a aula infantil comprobamos que non existe de maneira especifica, entonces enviamoslle unha carta ó Delegado, decindolle onde esta a partida, e o Delegado resposta de inmediato por escrito, que é unha partida xenérica, e que en consecuencia se mete esa partida xenérica para evitar desagravios, que si vai o do Colegio de Ares, os de outros sitios ven que non vai o deles e se forma un lio, entonces deciden metelo nunha partida xenerica, e eso o teño eu por escrito, ese compromiso de Diego Calvo, o Sr. Diego Calvo resposta que se mantén o compromiso pero que a partida é xenérica. De todos modos tamén é certo que intimar á Administración Autonómica a que cumpra os seus compromisos é razonable, de feito estamos en novembro e non coñecemos o proxecto, e efectivamente é normal que a Corporación debata este tema, e poida intimar á Administración Autonómica, nos temos un problema no Colegio; pois a Moción do BNG recorda que hai un problema e recorda ou pon de manifestó que o Concello non se olvida e que á Administración Autonómica lle vamos a esixir que cumpla, efectivamente seus compromisos, independientemente da transacial que propón o Partido Popular que eso terá que decidir o BNG se acepta ou non, o punto 3 di que se incorpore ó presupuesto do 2011, os recursos suficientes para acometer. Segundo o Delegado están de maneira xenérica,



quizás para intimar de maneira más concreta podríamos añadir “que incorpore os orzamentos de 2011 de maneira especifica os recursos suficientes” porque claro incorpore os orzamentos de 2011, según o Delegado están, o que podemos pedir que sexa de maneira especifica.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: si nos houbesemos visto que nos orzamentos que manexamos figuraba este tema dunha maneira singular aclarado onde tenga que figurar, non houberamos presentado esta proposta, nosa vontade é non estarlle zumbando á Xunta porque nos apeteza, e tratabase única e exclusivamente, de concretar aquí ou de poñer en evidencia que efectivamente a estas alturas non temos o proxecto, non o coñecemos e nos orzamentos da Xunta non figura unha partida especifica para abordar todo esto, a mí durante moitos anos houbo obras que tardaron vinte anos en executarse, e sempre estaban en partidas específicas, o Porto de Ares votou vinte anos en partidas específicas, esta nunha partida especifica de Portos de Galicia, mentres que outros ían en partidas concretas, despois efectivamente a obra fixose, eu nos milagros non creo e a fe é unha cuestión moi bonita, pero obras son amores como dí o outro, entonces aquí non estamos a falar dunha obra de trescentos mil euros, nin de catrocentos mil euros, estamos a falar dunha obra importante, que loxicamente pola sua importancia a Xunta non nos pode decir, que si meto eso, a Xunta terá que marcar as prioridades, e por certo revisade os orzamentos xa veredes como van obras creo que incluso en cantidade de investimento menor que a que habería que facer aquí pero que sí figuran hai. Entonces eu me teño que fiar da palabra do Sr. Delegado Territorial, bueno eu non lle podo chamar mentiroso, pero do que me teño que fiar é que a min me interesa neste momento, chamar a atención de que está a debate un documento na Xunta de Galicia e que hai non figura unha partida especifica, e adianto que nos parece moi ben, que estaba redactado unha partida suficiente para acometer as obras de ampliación; bueno unha partida suficiente especifica, ten que ser así, porque é o que se quere decir, incorpore os orzamentos unha partida “concreta” para acometer as obras de ampliación do C.P.I Conde de Fenosa, estamos de acordó. Claro despois sobre o outro tamén se din cousas que non cadrán porque entramos aquí nun debate xenerico que efectivamente nos non vamos a asumir, a proposta que nos presenta o Partido Popular, quero dicilo con toda claridade nos estamos facendo unha crítica á Xunta, non pasa nada, porque creemos firmemente que hai unha regresión, porque se di que en algunas Consellerías baixou o 5 e o 12%, concho pero aquí se está falando de diminucións do 52% en algunas partidas, e se está falando de cousas que eu penso que son impresentables como é gastar dous millóns de euros para sustituir os libros que había de galego, tirar con eles, e poñelos en Español, simplemente por ir en contra dunha medida de protección do noso idioma, e si parece que eso é normal, que se gasten eses dous millóns de euros, para ir en contra dunha medida que tomou o goberno anterior de defensa do noso idioma, claro estamos gastando diñeiro non so en non defender o ensino senón que atacamos unha das partes fundamentais do ensino que é precisamente o noso idioma, como se poden gastar dous millóns de euros en tirar cos



libros, eu quixera que se chamara a atención sobre o que está pasando nos colexios, o que esta pasando en moitísimas familias, e despois decir que claro a realidade tropeza coas noticias que vemos todos os días, antes se fixo referencia aquí ó caso de Valdoviño, como se pode decir que hai comedores que están funcionando ben, con catering e ver a foto da pobre señora cociñeira de Valdoviño con un bocadillo na man, co bocadillo ía eu a escola naqueles tempos, por eso dixen eu que Ares se salvou entre comillas, desa situación no comedor, pero noutros sitios o Concello de Mugardos está poñendo moiñísimo diñeiro para o mantemento do Comedor Escolar, é unha competencia municipal eso, non, pois a tendencia empeza por algúns Concellos e vai acabar papándonos a todos, a non ser, e aquí xa non é un problema de siglas políticas, é un problema da concepción que temos que desde o punto de vista, de quenes estamos nas institucións municipais, vamos a ser os paganinis desta situación. Vou simplemente a dar un dato e remato, as actividades extraescolares cando se fai a xornada única, que as tiña que facer, o Colexio, ¿quen as está facendo?, o Concello, pagando unha parte o Concello e pagando outra parte as nenas e nenos que van as actividades extraescolares, entonces estamos incumprindo a Lei, eso non era así, e vaimos as emerotecas e vexamos como erá, entón como esta carreira xa empezou hai moi tempo, agora seguimos e en nome da crise, en nome de que Zapatero nos quita máis diñeiro, o que estamos é nunha situación de deriva tremenda, que nos estamos cargando o ensino público, o que non o queira ver é porque ten os ollos pechados, polo tanto eu o digo sinceramente nos estamos facendolle unha crítica ó goberno e claro o que non vamos é aplaudir aquí, a situación é a que é, estos datos que din eu de rebaixa para becas etc., etc., para escolas de idiomas, para comedores escolares, son datos que están hai que figuran nos orzamentos e que son impepinables, nos os inventa o BNG para darrle lavazadas o Partido Popular, e porque nos preocupa, é queremos que esto se corrixa, e seguramente se se crea un estado de opinión, que poña énfasis en todo eso, e nos queremos chamar a atención para que o Colexio de Ares teña unha partida específica, non é porque nos fiemos nin porque non nos fiemos, e porque queremos que figure así e porque creemos que nos corresponde en xustiza, e dicir, non pode ser que botemos outros canos así porque efectivamente eu lamento moiñísimo, que a comunidade escolar de Ares fora tan dócil neste tema, porque agora estamos pagando as consecuencias, se houberamos collido o toro polos cornos no seu momento e se houberamos presionado na Xunta, o mellor non se houberan empezada as clases e xa estaríamos coas obras ahí, esto funciona así, a política de pactos e a política de paños quentes está moi ben, peroollo non quentemos tanto os paños que o final acabemos queimandonos nos, eu lamento moiñísimo que eso tubera sido así, porque creo que houbera sido mellor da outra maneira, eu son respetuoso, pero me parece que catro anos con nenos e nenas metidos en caixas, penso que é un pouco duro, así non podemos promover a educación de valores nin de nada, nin si quera a educación e respiración.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán: Manifestando que sabemos todos o que esta pasando, co tema económico que se reduciu, entres Consellerías por exemplo esta, e que



se diga o dos comedores escolares aquí, cando este ano se incrementa un millón de euros, e cando o ano pasado se incrementou a partida en 10 millóns de euros, se estas facendo un esforzo en anos de crisis nos que se está pasando mal, este ano se incrementa un 4% a partida de comedores e o ano pasado en 10 millóns de euros, eu creo que haber sexamos responsables, o que queremos é dar caña por dar caña, o tema do colexio non vamos agora a vir con estes rolos, eu empecei este tema da modificación puntual cando estaba de Alcalde, para facer esto, e se tivo parado ahí ata agora, pero non vamos a botar a culpa a Xunta que foi a culpable a Xunta, aquí había que darrle para diante a unha modificación puntual que non se lle deu, vamos a ser responsables, e sabemos o que hai, eu creo que a situación como se esta levando e que se esta creando, que se están modificación o tema da educación, e poñer colexios trilingües e facer todas estas historias cunha cantidade bastante importante como poden ser 51,5 millóns de euros, creo que en tempos de crise e bastante suficiente, e non deixar como recolleron agora 450 millóns de euros no tema dos comedores que quedou ahí de burato, esa é a situación, que pasa, que a Xunta bipartita o foi levando, porque as ANPAS entraban neso se facian responsables, se levaban os comedores, se poñían eles como autónomos como empresa e foron funcionando así, pero esa situación o entrar a nova Xunta porque estaban manexado se plantaron, entonces as ANPAS se plantaron, e a Administración tense que facer cargo de todo eso, e cal e a situación, que riba en ano de crise a Xunta ten que facerse cargo de toda a situación, os diñeiro son os que hai, e bastante ben o están facendo, cuando toman estas decisións e cando se están minimizando por parte do tema de educación se esta minimizando as partidas, cando o gobernó central baixou 1177 millóns de euros á Xunta de Galicia, non estamos a falar de ningunha cantidade pequena, estamos a falar do 11% dos recurso totais, creo que é bastante que unha Consellería a título medio que se rebaixe un 5% creo que non é a morte de ninguen, e nos momentos que estamos pasando dificultades, creo que a nosa postura é bastante razonable, o que pasa que o BNG non quere aceptar nada, nos estamos de acordo de esixirle á Xunta as obras do Colexio de Ares, pero como dixen anteriormente no mantenimento de colexios e na inversión de colexios se vai a manter o do ano pasado, e se vai a aumentar e incidir se pode ser que acaten o compromiso adquirido co Concello de Ares como é facer a ampliación ou as aulas de infantil, entonces o que habería que poñer no terceiro punto que é o que nos interesa a nos, poñer o compromiso por parte da Xunta de Galicia, que atenda o compromiso que se chegou co concello de Ares en facer as aulas ou esixirle que canto antes se poñan a funcionar ou facer para que para o vindeiro curso 2011 poideran estar xa operativas. Creo que eso é o que temos que pedir, e transacion nosa aumentandolle esto, para eso fumos a Coruña e para eso a Xunta ten o compromiso, e que cumpra co compromiso que chegou co Concello de Ares, e se pode ser no 2011 na apertura do novo Curso Escolar estén operativas as aulas.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente: cando se fala da disminución da financiación do Estado, lòxicamente é pola disminución dos ingresos por impostos, entonces a



Comunidade Autonoma, igual que os Concellos efectivamente teñen unha participación nos impostos Estatais, e se baixan os impostos Estatais pois loxicamente pasa o mesmo coa participación da Comunidade Autonoma e do Concello, neste caso os Concellos loxicamente sufren un doble sablazo, por un lado diminue a nosa participación nos ingresos do Estado, pola caída da recadación, e logo tamen diminue a participación nas partidas correspondentes á Comunidade Autonoma, e loxicamente con esa situación todos os Alcaldes teñen que pregar, e non estamos todo o día botandolle a culpa a Zapatero, nin estamos todo o día botandolle a culpa a Feijoo, pois efectivamente sacamos diñeiro de onde podemos, si temos que subir algúna taxa, a subimos, e se temos efectivamente que buscar e duplicar os esforzos para buscar fondos a través de convenios con as demáis Administracións o facemos, pero non estamos botandolle a culpa a ninguen, se todo dependera de Zapatero, anulamos a Autonomía e que gobernó Zapatero, e si Zapatero non nos deixa facer nada, non sei que sentido teñen as Comunidades Autonomas, sin embargo o teñen porque poden facer moitas outras cousas, en consecuencia as fan, -traducir os libros o castellano, promocionar o Decreto da lingua, multiplicar por 10 as adxudicacións en obras como a de Carballo- Bordoias, claro que efectivamente se fan algunas cousas, o que esta pedindo esta Moción foi o que me pediu vostede a míñ antes –priorizar-, pois claro que estamos priorizando, e o colexi para Ares se ten que priorizar, vostede me decía míñ que non tiña recursos e non quería subir a 12 euros o prezo da hora e que tiña que priorizar, pois efectivamente é o que se esta facendo loxicamente con esta moción do BNG que o que pon de manifesto é a necesidade de recordarlle á Administración Autonómica, que en Ares hai un problema que se ten que resolver, e que efectivamente para resolvelo hai que poñer diñeiro, e si e certo que o diñeiro non está como partida xenérica pero non pasa efectivamente nada en recordar que hai un tema pactado pero que aínda non se ve, estamos en novembro e a verdade e que proxecto ven o poderían ter posto a disposición da Comunidade Escolar, porque a Dirección do Colexi tampouco sabe nada, a Dirección do Colexi lle acaba de enviar unha carta, á Consellería de Educación, recordando os compromisos que é seguramente o que pretende o BNG e esta Corporación se lle da o seu apoio con esta Moción.

Interven o Voceiro de NAL Sr. Luis Cendán: Eu creo que estamos estendendo aquí o debate e esto non da para máis, eu se tiña claro o propósito da Moción, despois de escoitar detenidamente ó portavoz proponente da mesma, dice que o tema importante e que si ve unha partida específica no presupuesto xa se caería a Moción, entonces eu pido un pouco de cordura e de sensatez, esto non é un tema de credibilidade ou de fe, se hai un documento por parte do Delegado Territorial onde di que eso esta en presupuesto, é un documento non é unha palabra, entonces non lle vexo eu o sentido a esto, se eso está incluído e esta por escrito, un mínimo de razonamento, hai que dalo por feito, e en canto o tema do proxecto, desgraciadamente é así, esto ven non de estos momentos, senón de sempre, as Administracións tanto Deputación, Xunta como Goberno Estatal, en canto axilizar os proxectos, sabemos que tarde mal e arrastro, e ogalla se redactara o proxecto, e



o trouxeran canto antes para o Concello, pero desgraciadamente eso é así, todos os proxectos por parte das Administracións que non toquen ó Concello, pois veñen tarde e cando veñen, que algúns xa non veñen, fan a exposición e abren o procedimento incluso sen pasar polo Concello, polo tanto eu creo que si somos sensatos, se a moción se cae por este tema importante que é que inclúa a ampliación do Conde de Fenosa, eu creo que non ten sentido seguir aguantando a Moción, e sobre todos despoxos de dicir que hai un escrito onde dice que eso consta, polo tanto nos vamos a manter a posición de non á Moción.

Toma a palabra o Voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán: Para das duas puntualizacións a respecto do que dixo, primeiro dicir que a Xunta bastante fai nas súas competencias porque aguanta a partida a pesar da diminución que tivo por parte do goberno Central, mante a partida intacta de aportación os Concellos, e con respecto ó Colexio é lamentable porque a última peseta que se gastou no Colexio Conde de Fenosa, foi en cubrir a pista, no último goberno de Fraga, en catro anos de goberno bipartito non se gastou un peso, haber que invirte e quen non invirte, en catro anos as deficiencias do Colexio Conde de Fenosa, non empezaron agora, esas deficiencias xa as había non as había empezado eu, xa me había atopado eu con elas, non se gastou nin un euro en catro anos de goberno bipartito, e eu aquí aprobo a ultima fase como dixen, esixirle que hai un compromiso por parte da Xunta de Galicia e o Concello de Ares de facer esas aulas, e que haber se no ano 2011, poden estar operativas, eso sí e no resto non entro para nada, porque sabemos o que hai, porque si nos vamos a levar por todo, estamos co plan de litoral, co tema de educación, aquí hai unha política porque estamos a seis meses dunhas eleccións municipais de veña paos á Xunta de Galicia, porque nos que están na oposición hai un pacto de non agresión, as cousas hai que dicilas como son. Eu estou de acordó en esixir o compromiso e que si pode ser no 2011 esten operativas as aulas, o resto non o vamos a apoiar.

Rematado o debate sometese a votación a emenda do Partido Popular, e o Pleno do Concello por 5 votos a favor (4 P.P. e 1 do Concelleiro non adscrito Sr. Echevarria Lage) 7 votos en contra (5 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 1 abstención do Grupo Municipal de NAL, acorda rechazar a Emenda do Grupo do Partido Popular.

Acto seguinte sometese a votación a Moción do BNG tal e como ven a Pleno, e o Concello Pleno por 7 votos a favor ( 5 PSdeG-PSOE, 2 BNG) 5 votos en contra ( 4 P.P. e 1 NAL) e unha abstención do concelleiro non adscrito (Sr. Echevarría Lage).

Seguidamente en antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Preguntase si os Voceiros teñen algunha Moción para someter a consideración do Pleno pola vía de urxencia, non se presenta ningunha Moción.



O Sr. Alcalde da conta da Declaración institucional da FEMP con motivo do 25 de novembro día internacional para a erradicación da violencia de xénero, que seguidamente se transcribe:

**DECLARACIÓN DE LA FEMP CON MOTIVO DEL 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL PARA LA ERRADICACIÓN LA VIOLENCIA DE GENERO.**

Ante la conmemoración de un nuevo 25 de noviembre, Día Internacional para la erradicación de la Violencia de Género, la FEMP, una vez más, manifiesta su posicionamiento de repulsa y denuncia ante la persistencia de una de las evidencias más virulentas de la discriminación por razón de género: la violencia contra las mujeres.

La eliminación de este tipo de violencia sigue siendo uno de los desafíos más apremiantes de nuestra sociedad.

Por ello, la FEMP, en nombre de todos los gobiernos locales españoles, reitera su firme decisión tanto de intensificar sus actuaciones como de colaborar con todas las instituciones públicas y agentes sociales en la búsqueda de soluciones al maltrato machista.

Hacemos especial mención, en esta ocasión, a los menores que se encuentra expuestos a la violencia de género en sus ámbitos de convivencia. La gravedad de sus efectos en los hijos e hijas de las mujeres víctimas de la violencia de género requiere de una atención especializada y por tanto de ser contemplada en las políticas con la violencia de género desarrolladas polos Gobiernos Locales.

La violencia contra las mujeres traspasa razás, culturas, etnias y clases sociales. Toda la sociedad tiene la responsabilidad de actuar ante la violencia.

Todos y cada uno de nosotros y nosotras tenemos el deber de apoyar y mantener un entorno político y social de tolerancia cero ante la violencia contra las mujeres, en el que los amigos y amigas, los familiares, el vecindario, hombres y mujeres en general, intervengan activamente para impedir que los autores de esos actos queden impunes.

LA FEMP mantiene el compromiso de seguir trabajando contra todo tipo de discriminación por razón de género, y en especial contra su manifestación más grave: la violencia machista en todas sus formas, e insta a los gobiernos locales a continuar su labor de sensibilización y prevención de la misma, de apoyo a las víctimas y a promover en todos los ámbitos de la vida local modelos no sexistas y de igualdad entre mujeres y hombres desde los que erradicar este fenómeno. La FEMP insta a todos los Gobiernos Locales de Municipios, Diputaciones Provinciales Cabildos y Consejos Insulares a reforzar todas las acciones que ya viene desarrollando contra la Violencia de Género.



Sometida a votación da Declaración Institucional, o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

**Punto núm. 8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

O Voceiro NAL Sr. Luis Cendán di que el quería formular o tema da sinalización do Concello sabedes que esta foi unha obra que xa se fixo durante anos e algunas sinalizaciones veñen incrementándose no deterioro constante, entonces habería que facer un mínimo de mantenimento a esto, porque dan unha mala imaxe á hora de entrar no Concello.

Despois erá preguntar polo tema da Senda peatonal Ares-Redes e o mesmo polo tema de Chanteiro, cando está previsto, o comenzó da obra.

Si se sabe algo tamen do inicio do Centro de Saúde.

Despois quería comentar o tema dun bache na Rúa dos Anxos, que houbo unha perdida ahí, parece ser que se fixo a reposición de asfaltado pero volvveu a repisar e á entrada hai que tratar de bacheear, e pisar un pouco máis, porque alí os coches non circulan ben.

Despois hai un tema que si me gustaría preguntarlle directamente ó Alcalde, porque eu creo que é un debate, eu concretamente o martes vin ó Concello a ver o expediente do Pleno e parece ser que hai orde do Alcalde que se nos deniegue facer as fotocopias do expediente, creo que cos servicios que temos no Concello, como se modernizaron as instalacións, e incluso as fotocopiadoras, unha vez que se fai un expediente para o Alcalde, eu creo que xa non é por dar un servicio personal os voceiros, creo que é un tema de funcionarización, o expediente non anda traspapelado, a fotocopiadora atrancada, que unha profesional que anda coa copiadora que lle de á tecla en lugar de 1 copia a 4 copias creo que ese non é un maior esforzo, e creo que facilitaría as cousas, desde o punto de vista de non andar cos expedientes de aquí para ala, e algún documento desde o punto de vista da responsabilidade bastante importante que anden os documentos bailando polos despachos, eu creo que Alcalde se eso é verdade creo que eso é unha mala política, en aras de dar unha solución e unha convivencia normal, eu concretamente o martes cheguei aquí, e o expediente estaba en Secretaria, non estaba o Secretario, estaba a funcionaria lle dixen o que había, que non me fotocopiara as copias, tardou en atenderme a mí nin cinco minutos, chegou outro voceiro que tivo que esperar e eu creo que antes de acabar eu meu expediente xa acabou con el, alí estivemos dous voceiros e acabou en 7 minutos, eu creo que eso non é un gran esforzo, darrle a convocatoria dun Pleno a unha funcionaria e que faga as copias os voceiros, e se esa orde a diches entendo que estas equivocado, e quero me contestes.

Resposta o Sr. Alcalde, manifestando que co que se refire as sinais, xa se iniciou un traballo de recuperación, en algúns sitios están tiridas, en outros sitios preferentemente nos



que lindan con Mugardos, as sinais están pintados ou desaparecen, si é certo que estamos a reponer sinais non so de circulación senón tamén as que ti te refieres que son as que sinalan os diferentes lugares do Concello de Ares, entonces está claro que hai que facer unha reposición, e en eso estamos.

O proxecto de senda peatonal de Ares-Redes, está en fase de redacción, xa viñeron os equipos e incluso hai manchas laranjas na estrada, o de Ares-Chanteiro, xa esta redactado e presupostado, falta efectivamente a licitación, decidimos indicarlle á Deputación que o retrase, por deterioro que ocasionan as obras da EDAR, entonces efectivamente querríamos que se execute unha vez finalizados os traballos de abastecimiento de auga a Cervás, pedimos que fixera unha reposición integral para que despois non se volva a tocar, si é certo que tamen existía a posibilidade de decirlle á Deputación que desglose o proxecto en dous, e que sacase a licitación unha fase 1 que sería Chanteiro, porque está claro que en Chanteiro non se vai a tocar máis as obras da EDAR xa non son en Chanteiro, e o abastecemento e saneamento xa se meteu, ou existe a posibilidade de retrasar todo ata o final, ou existe a posibilidade de desglosar, e que lle chamen fase 1 a Chanteiro, e que empecen a amañar xa a estrada pero so no casco de Chanteiro, porque ata Cervás ainda hai obras pendentes.

O Centro de Saúde está pendente de licitación, a Consellería anuncio por activa e por pasiva que este se licita, e en consecuencia efectivamente entendemos que non vai haber ningún problema, non sei se vai haber unha trampa posto que a licitación implica a construcción do Centro de Saúde con capital privado con pago diferido, eu non sei se vai a presentarse alguien, eu non sei que empresa pode poñer fondos propios para construir o Centro de Saúde de Ares a cambio dun pago diferido, porque prestación de servicios aquí non hai, aquí non hai Cafetería para que a empesa a explote, unha vez convocado o concurso haber que empresa se presenta, eu non vexo a ningunha empresa facendo negocio cun Centro de Saúde, si vin empresas facendo negocio con Hospitais, porque pon diñeiro fai o hospital, e logo xestioná lavandaria, xestiona o comedor, a cafetería etc., o Centro de Saúde de Ares cando se licite vai haber alguma empresa interesada en efectivamente construílo con fondos propios, non o sei, de todas formas a resposta que da a Consellería e que vamos a licitar varios xuntos, entonces é moito más apetecible para unha empresa licitar varios que un solo, pero bueno xa veremos cal é o compromiso da Consellería coa saúde dos Aresanos e Aresanas.

En cuanto o bache da Rúa dos Anxos, xa foi amañado varias veces e nunha desta deixara de repisar porque xa repisou todo, xa repisou tres veces.

Con referencia as fotocopias, houbo un momento no que se me traslada que se fan un entorno de 400 ou 500 fotocopias por grupo, as veces os Plenos son moi voluminosos, e se facía fotocopia absolutamente de todo non se descriminaba e en consecuencia as veces chegabase a 3000 fotocopias, entonces ter unha funcionaria facendo fotocopias nun determinado pareceu excesivo e eu creo que os voceiros deben ir a mirar a documentación do Pleno, decidir que queren que se lles fotocopie, e nese caso facilitarlle fotocopia dos aspectos



básicos más importantes, pero fotocopiar sistemáticamente todo o contido do Pleno nos leva as veces a un gasto excesivo e a unha dedicación de horas por parte dunha funcionaria, de ter que estar a facer 3000 fotocopias ó largo dunha mañana. Que os portavoces o miren e que digan que é o más importante para que se lles fotocopie, e que exista unha visión selectiva do que efectivamente se deba fotocopiar ou non.

O voceiro do B.N.G. Sr. Rodríguez Doval formula as seguintes preguntas:

Según lein nos xornais parece ser que a obra que se realizou por parte da Xunta de Saneamento e Abastecemento en Chanteiro parace que xa se debeu de entregar, a reposición que se fixo dos camiños é desastrosa, eu creo que hai que ponerse en contacto coa Empresa ou coa Xunta e decir que faga as reposicións, porque non vaia a ser que esto tamén o teñamos que pagar nos, e decir que repoñan en condicións que repoñan as entradas que quedou todo feito un absoluto desastre.

Outra petición e que se colguen os Plenos na web municipal, que se colguen en PDF, os que están aprobados.

E despois o do peche do Concello do pasado día 19, en fin eu quería trasladar aquí a nosa crítica pola forma en que se fixo esta actuación non, eu creo que unha corporación municipal non pode pechar as portas da instalación municipal a non ser que haxa un acordó concreto, a miña sorpresa foir que eu estiven aquí pola maña e se me dixo que a partir das 11 se pechaban as portas, que había como unha especie de peche patronal que é unha nova modalidade polo tema do carbón, aquí non se falou cos portavoces absolutamente para nada, en fin eu creo que esas cuestións hai que trasladalas a unha reunión de portavoces, por certo ese día tivemos unha reunión de portavoces e non se dixo nada, eu sei que as portas de aquí estaban pechadas ou semipechadas, non sei se a xente se foi para casa, non sei se se lles abona o día, non sei quen paga todo esto, eu creo que un peche dun concello, é unha cousa moi seria, hai que trasladalo os portavoces, hai que miralo e hai que tomar unha decisión, eu se se fan as cousas así quero dicir que estou profundamente en contra, a próxima vez que se consulte os grupos que se fale, e hai decidimos o que hai que facer, pero que sexa a Corporación a Alcaldía non pode pechar o Concello.

Resposta o Sr. Alcalde, que a Alcaldía simplemente se sumou a unha medida de presión á que efectivamente fumos invitados polo Concello de As Pontes, e efectivamente había xunta de portavoces, había comisións, e efectivamente cando remataron a xunta de portavoces e as Comisións se pecharon as portas do Concello para todos os servicios excepto para rexistro, e dicir excepto para rexistro si se pecharon as portas, cos traballadores no interior traballando, e foi unha medida acordada por esa Comisión de Concellos representados polos Alcaldes, e a mí se me trasladou, e loxicamente nos sumamos como se sumaron o resto dos Concellos.



Interven o voceiro do P.P. Sr. Manuel Cendán: O tema da Casa de Cultura que se vai abrir, con que horario vai a ser e quen vai atender esa casa.

Resposta o Sr. Alcalde que a Casa da Xuventude vamos a intentar que se xestione con participación dos xovenes, entonces queremos ir a un modelo de xestión similar o que nestes momentos hai na gardería ou existe no colelio, e dicir todos os xovenes, máis os seus padres mais o Concello conforman unha especia de Consello Escolar no Colelio, en consecuencia vamos a unha especia de Consello da Xuventude con participación dos xovenes, con participación dos pais dos xovenes e coa participación do Concello, ese modelo de xestión vai a ser tipo clube, os xovenes que queiran participar se dan de alta, o alta é totalmente gratuita pero esixe unha identificación para estar alí, alí hai material que é costoso, e en consecuencia a xestión vai a ser tipo clube xuvenil, ese clube xuvenil se vai a xestionar cun modelo similar os Consellos Escolares, ese vai a ser o modelo de xestión, na parte baixa vai a estar a aula de informática, durante o horario da aula informática sempre vai haber persoal municipal, e loxicamente esa Casa da Xuventude hai que dotala de contido, non so vai a ser un sitio para o ocio, hai que fazer talleres e demáis, o que implica a necesidade de ampliar a oferta, loxicamente na Casa da Xuventude, e polo tanto non descartamos a contratación dun animador-sociocultural.

O Sr. Manuel Cendán Fernández di que o outro día na Comisión se nos deu a relación de subvencións otorgadas polo Concello as entidades e non viña o Numancia, ¿cal é o motivo?.

Resposta o Sr. Alcalde, con respecto o Numancia estamos pendentes do transformador de enerxía para que teñan alumado son 70.000 euros, se lles puxo un parque infantil, se puxeron as gradas, se puxo un vestiario feminino, se fan arranxos multiples no que é o abastecimento de agua se amañaron os grifos, e en consecuencia falando con eles eu lles dixen que se estaba gastando moito diñeiro e que eles tamen tiñan que facer un pequeno esforzo, se teñen calquer problema se lles amaña, e como áinda estamos sin o acordo de xestión, porque hai que sentarse co Numancia e decirles que pagades vosotros e que pagamos nos. Vos os reservachedes o uso, e nos temos que recoñecer que o que usa gasta, o que gasta o que usa quen o paga, quen vai a pagar a luz cando se encendan esos potentes focos, entonces falta amañar co Numancia eso, entonces efectivamente dadas as inversións que estamos a facer, a situación loxicamente ven da man dese tema, hai tres anos nada máis chegar eu se lle comprou unha traíña o clube de Remo e ese ano non se lle deu subvención, entonces temos que racionalizar e o nivel de inversión no Numancia é brutal, falta o último paso que hai que dar que é primeiro elevar a público o acordo, segundo asinar un convenio, e sabedes que o outro o día o comentamos que eles dician que non hai nada, pois claro que hai un acordo, falta asinar co Numancia o contido das relacións, o contido dos nosos dereitos e obligacións, no marco que aquí se definiu no momento, eles cederon o campo de futbol, e o Pleno o aceptou e fixo un campo novo, entonces co Numancia eu creo que falla delimitar ese contido, quere ir xente fora a xogar fora das horas de entrenamento o xogo do Numancia e eu non vexo ue



## **CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)**

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

ninguen poda facelo, porque fora das horas oficiais de entrenamento e partidos do Numancia un grupo de xovenes de Ares non poida ir xogar unha pachanga pagando unhas taxas se é municipal, entonces poño un exemplo dos flecos que hai que definir, eso hai que definilo, porque non se lles da subvención porque o nivel de inversíons é brutal e alto teran que poñer eles.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e dezaotio minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,